

Fantasías eróticas para paspallás

Por Susana Moo

Índice

1. Jane ou como aprenderlle a un salvaxe a aquelar a unha ben aqueladiña.
2. A Avoa ou na cona da vella non manda ninguén
3. A Madrasta: ama
4. De como Marco perdeu a virxindade
5. A terapia sexual do coitado do superheroe.
6. Pipi Lota ou as dificultades de botar un bo ferracholo

Jane, ou como aprenderlle a un salvaxe a aquelarlle o corpo a unha.

Son Jane, a esposa de Tarzán. Con esta descrición da miña persoa non adoita ser necesaria maior presentación, os apelidos ou currículo sobran... Outras mulleres e homes con frecuencia míranme celosos, coido que senten envexa cando digo que o meu home é o rexo salvaxe, nadador atlético e saltador de lianas. Quero escorrentar o mal de ollo que me poden botar algunhas sacando os trapos sucios que tamén hai no meu fogar. As cousas son como son, está de bo ver Tarzaniño, iso sábeo calquera, pero non é ouro todo o que reloce. Non teño intención de desmitificar ao meu home, pero si de que se saiba que a miña vida non é campo fertilizado. Considero o meu deber que a humanidade coñeza a verdadeira historia das nosas relacións amorosas que, como as de calquera parella, sofren altibaixos, crises e reaxustes... en ocasións distanciamentos insuperables.

Tarzán fíxome moi feliz. En canto o vin flipei, a primeira impresión foi abraiante, endexamais vira a alguén tan fermoso. O seu atractivo salvaxe e puro, a perfección do seu corpo, os seus músculos, bíceps, tríceps, pectorais... a súa figura nobre, ergueita, de costas poderosas e bronceado perfecto abraiáronme. Sentín o máis parecido a un frechazo e percibín como entraba nun estado de celo coma nunca antes sentira, o meu corazón brincaba, as axilas suábanme e a miña papuxa latexaba cando el se me achegaba. Souben que quería facer meu a ese home, tomalo e que el me tomase a min. A súa mirada curiosa de mozo grande correspondíame, o cal me facía ver

estrelañas. Namorei como unha tola, como vulgarmente se di “caíanme as bragas”. A súa proximidade facíame tremer e morría por estar entre os seus brazos.

A el gustalle tamén desde o principio, aínda que o seu estilo sexa dos que non o amosan, non se vaia pensar que é débil. A Tarzán gústalle ir de tío duro pero eu, que nestes asuntos teño bastante máis experiencia, estaba encantada vendo como se lucía ante min, rubindo aos troncos máis esveltos, ou nadando feramente entre crocodilos. Sabíame desexada e el encantábame. Babexaba observándoo, sorría coa súa presenza, pero de tanto darlle aos miolos, dinme de conta de que algo non casaba.

- “Pode que sexa esa mona sempre colgada do seu ombreiro o que me causa un rexeitamento“ dicía para min. Non me gustaba a mona Chita, pero por algún motivo desestimei a súa importancia e centreime noutro factor que me chocaba: o taparrabos de entre as súas pernas. Non tiña lóxica ningunha esa ridiculez moralista decimonónica. Se analizamos a vida do meu mozo, quen o criou, cales foron os seus exemplos e directrices, o trapiño non concorda coa súa exquisita educación selvática. As súas influencias máis importantes foron os colegas de Chita, monos impúdicos festeiros que amosan sen vergoña os seus rabiños traseiros e dianteiros, así como os seus espantosos cus... E el, o fortachón Tarzán, con ese espantallo agachando as partes nobres. Comecei a observalo con suspicacia pese ao apampamento xeral que me causaba a súa proximidade e, con todo, a afastarme do verdadeiro asunto perigoso que levaba inherente a miña relación con Tarzán.

- “Este, ou ten algo que agochar, ou é un reprimido, dos que usan traxe de baño nas praias nudistas”.

Non me molestaba porque eu quixese ver máis aló do que se me amosaba, e non tivese paciencia para esperar o que tan prezadamente gardaba o mozo, o certo é que tiña moita, moitísima curiosidade, tanta, coma el poucas ganas de ensinar. Era o seu pudor o que chamaba a miña atención. Había que ver o coidado que puña o homazo para manter sempre a tea de leopardo ben apañada, que non deixase entrever unha migalla, poden comprobalo nas películas: xamais se lle escapa un cilindrolo.

O tempo que necesitaría o pobre do home para amañalo! Imaxinábao veña que vou ás voltas coa tea, coma modisto francés, coma fachendoso xogador de rugby ianqui. Cada prego estaba pensado, ideado para parecer un modelo improvisado cando nada tiña de espontáneo. Intenteino algunha vez: facerme unhas braguiñas estreitas con pel informe, que se manteñan no seu sitio aínda que eu ande a dar pinchacarneiros entre os bidueiros. É difícilísimo, pero o Tarzán tiña a técnica dominada. Podería ter sido un afamado deseñador de traxes de baño prêt-a-porter. A min non me interesaba a faceta artística do meu flamante noivo, senón o por que do seu puritanismo. Todo ese asunto cheirábame mal e morría por saber a que era debido.

- “Por que? Por que?”, preguntábame, por que un tío cachas coma Tarzán, tan fachendoso da súa fisionomía cobre xusto aí onde reside o cume da masculinidade? Por que un exhibicionista coma el, sen represións externas se autoimpón esa censura?

Dáballe voltas ao asunto e barallaba todas as posibilidades, desde que fose femia ao fin (parecía increíble, pero quen sabe) a que sufrise algún terrible accidente. Púñame no peor:

- “Quizais sufriu unha mutilación espantosa. Quizais un crocodilo lle arrincou de raíz os seus xenitais ao completo cando aínda non os cubría e bañábase nos lagos felizmente en coiros. Ou quedaríanlle enganchados nunha liana....”

Tarzán mexaba en calquera tronco sen ter a delicadeza de facelo lonxe da nosa árbore. Mexaba coma os monos, encollendo as pernas. Separaba o tapacús, e facíao sen mais, pero eu non era quen de encoirarme a mirar se algo lle colgaba ou se aquilo era raso.

A pesar da suposta soidade selvática, con Chita polo medio é imposible ter un pouco de intimidade. Ao principio púxonolo difícilísimo (sempre dan apuro os primeiros achegamentos). Estaba permanentemente ao redor del, enriba del, o que aumentaba o noso pudor e indecisión á hora de abordar o devecido achegamento. En canto os nosos rostros se achegaban ela saltaba facendo brincos. Se os nosos corpos se arrexuntaban, buscando a calor un do outro, Chita danzaba facendo reviravoltas que nos descentraban e rompían a maxia do momento. Era unha mona pesadísima e

omnipresente.

Por fin Tarzán, que xa estaba quente coma un boi ante a perspectiva dunha boa fodenda, decidiu facer algo respecto diso e botouna sen miramentos. Foi firme, ata cruel se se pensa que ela fora a súa fiel compañeira antes da miña chegada.

- Fóra Chita! Ti ser mona, eu necesitar muller.

Ela berrou, cuspiu unha chea de improprios monís pero como onde hai patrón non manda mariñeiro, marchou dando un ramazo. Estiveron varios días enfadados, días de gran gozo para min e o meu novo amor.

En canto a súa presenza desapareceu, que paz!, comezamos cos risos e os xoguiños que preceden ao amor. Tarzán é moi festeiro nos preliminares, un adolescente eterno. Xogaba cos meus peitos, intentando destapalos. Eu estaba ben disposta a amosarllos, pero facíame de rogar, para alongar o proceso da conquista, tan divertido. Eu tamén estaba desexosa de conquistar o corpo ao completo do meu amante, de acariñar os seus fortes membros, de descubrir o seu misterioso sexo. Quixen aproveitar o tempo perdido e apalpar o que se me negaba á vista, de modo que co tacto tivese noción fidedigna da masculinidade do meu amado. Case como polo aire, coloquei a miña man enriba do trapo, e como por descoido, metina dentro. A mata de pelo era tan abundante que me custou atopar a belota, pero atopeina e... aí estaba o quid da cuestión! Aquilo era, sen necesidade de maior análise, unha miseria. Ese era todo o segredo: Tarzán tiña un micropene e estaba cohibido, o coitado. Avergoñábase da súa pirolaña.

- Jane, ti non tocar!!

- Oooh, por que non hei de facelo se me gusta e quérote?

Emocionouse o rei da selva, derrubouse, sabe Deus os anos que levaba o pobre co seu segredo, co seu complexo ao lombo. No seu fogar non hai nin psicólogos nin sexólogos que puidesen axudalo. Ensombreceu a mirada, e unhas bágoas de grosas pingas comezaron a rodar polas súas rubicundas fazulas.

- Eu ter rabiño pequeno, verdade Jane? A ti non gustar pirola raquítica.

- Non, meu amor, non penses iso, o teu pene é fantástico, ti es o rei da selva e o tamaño non importa. (educáronme para protexer o ego masculino).

- Tamaño si importar. Eu ver verga de elefante e ver a elefanta moi contenta.

- O elefante tena máis grande ca ti, pero tampouco eu son unha elefanta e a túa trompa gústame moito máis. (aquilo mais ca trompa era grao de millo)

- Ser iso verdade, Jane?

Limpaba os mocos cunha folla de fento o homiño, mirábame buscando aprobación. Atopouna e foi recobrando a pose erguida, tomaba corpo, inchábase o obxecto de discusión, e pareceume que aquilo medraba o suficiente como para alegrar as miñas propias necesidades. O certo é que me contentei moito ao atopar polo menos “algo” debaixo do pano. Estaba xa comezando a assimilar que quizais ese home que desexaba tanto ter entre as miñas pernas podería non dispor de cana coa que pescar na miña poza. De xeito que cando sentín un verme vivo e esperto, dereitiño coma un vimbio, no centro dunha silveira enmarañada (non se depila... Como ía facelo?), enchín de gozo.

- Tela ben xeitosiña, díxenlle.

Importoume un cogombro que a tivese raquítica. O certo é que ata hoxe nunca me deu de que me queixar (o seu falo digo).

- Deberías quitar isto!. Ousada, arrinqueille o taparrabos. Aмосa á selva o teu precioso corpo ao completo! O teu precioso membro viril!

- Ti moi boa Jane, pero animais rir da miña pichola.

- Oh, non, querido, se es capaz de ir saltando pola selva mantendo esta estupenda erección que sosteño agora nas miñas mans, ninguén se rirá de ti. Veña, vaite lucir.

Despedino cun bico e velaivai o montañés dando berros selva adiante, primeiro algo

tímidos, pero axiña coa súa habitual potencia gutural.

Esta desinhibición do meu home tróuxome unha nova, magnífica visión do noso fogar. Calquera desas mulleres que sempre me envexaron por casar cun bombón, poden imaxinar a dita que supón ver como avanza o meu amante liana tras liana coa gaita tesa cara a min, berrando.

“ Aaaaaahhaaaaaahhaa!!“

Non entendo por que a censura segue a evitar que Tarzán se amose tal e como viu ao mundo, que aínda que non é un portento en anchura e largura, é unha delicia, unha alegación en prol da mocidade e a vida. Gustaríame tanto que mulleres ou homes homosexuais, que son tamén ferventes fans do meu mozo, visen a Tarzán nu brincando! A Tarzán rachando coa pana, curado do seu complexo grazas Jane, a min.

É vaidoso, un exhibicionista ao que lle encanta chamar a atención e ser centro de miradas e comentarios. Comigo ten sorte, encántame velo. Deléitome con cada curva da súa fisionomía. Son espectaculares os seus brazos e axilas cando colga dalgunha póla, esa parte interior dos brazos de pel clara e suave. Son magníficas as súas coxas tensas e firmes, lixeiramente veludas. Excelsas as súas cirolas redondas e apertadas de cor amorodo. Precioso o seu pescozo esvelto, flexible. Fantásticas as súas mans ásperas de labrego. Comestible o seu cuño duro e pneumático.

Gústame velo cando fai as súas cousas en silencio, cando constrúe unha barca de madeira, por exemplo, ou afía un coitelo, pero xa o seu exhibicionismo estilo drag queen cantando cantigas a gorxa rachada (Aaaaaahhaaaaaahhaa!!) resúltame un pouco máis fastidioso. Iso gústalle a ela, á outra, á simio pesada.

Tarzán tiña moito que aprender en materia sexual, como é de supor, volvo facer referencia á súa educación selvática como principal fonte da súa formación. Tarzán puido ver desde neno como copulaban monos, gorilas, leóns e demais bestas. Podo imaxinar perfectamente ao adolescente Tarzán espiando na póla dunha árbore como botan un quen-vive unha parella de chimpancés, apartando o seu rústico tanga e dando gusto á súa espertada virilidade namentres

contemplaba tan apaixonante escena. Iso era o que sabía Tarzán acerca do sexo e iso foi o que facía comigo. As nosas sesións de amor por aqueles días en que o meu recen estreado esposo vencía complexos e lucía erección, seguían máis ou menos o seguinte ritual:

Escoito que se achega, xa saben, o hipercoñecido berro Aaaaaahhaaaaaahhaa!!), asomo a unha das fiestras do noso comfortable pisiño de madeira, véxoo avanzar de liana en liana, apresurado.

- Olaaa, agarimo!, saúdoo.

Está xa ao pé da cancela, empalmado. Agora procura manter o cinguango teso todo o santo día, aínda non aceptou o tamaño do seu pene relaxado. Eu valórollo moito lanzándolle miradiñas suspicaces. Como é un home novo que vive, por así dicilo, nun gran ximnasio privado e se alimenta dunha rica dieta natural, permanecer todo o día erecto non lle supón demasiado esforzo. A min enténreceme velo tan altivo.

- Que ben te vexo, tesouro, dígolle á vez que acariño o seu vergallo.

Embálaseme xa Tarzán, sorrindo de orella a orella, solta a corda, terma o pau, tómame pola cintura, voltéame e métema sen que me dea tempo a respirar. Que pulo trae. Os seus movementos son áxiles e vigorosos, todos os seus membros en tensión, é forte coma cen touros: o meu mozo é o rei da selva... Teño eu moito forno para tan pouco pan pero como estou namorada, déixome facer e conténtome. Sempre é bo ter un home para un remedio.... Pero Tarzán é precoz, puñeteiramente precoz. Xusto cando estou no cume de paixón polo meu esposo, este emite uns gruñidos xordos, como querendo facer o berro do rei, pero en xordina. Correuse. Xa se correu.

En loor da ciencia teño que dicir que non existe relación causa-efecto entre os penes pequerrechiños e a cantidade que son quen de botar por fóra. Tarzán tena recortada pero a misteriosa regadeira bota leite coma ubre de vaca chea, coma picho de ferro de fonte clara, coma as fervezas en primavera en ano de chuvia. Abofé que aquel mosto morno enche o meu lagar de fartura. Valeiro o cántaro, esfrega as mans de contentamento, retírase e abrázame, crendo que eu

sentín tanto pracer coma el. Si, eu sentín pracer... un pouquiño, o xusto para facérsese as bocas auga. Síntome coma se me sacasen o plátano das mans en canto lle dei o primeiro bocado.

Por fin díxenllo:

- Temos que falar.

Púxome cara rara, non é moi de conversacións, Tarzán.

Non me amedrentou a súa expresión, espeteille:

- Es moi rápido, cariño.

- Si, eu ser o máis rápido, eu ser rei da selva, ía comezar a amosarmo co seu hipercoñecido

Aaaaaah... pero corteino a tempo, o cal adoita amolalo bastante.

- Refírome a que cando ma metes, rematas pronto de mais, gustárame que foses un pouco máis lento.

- Non non non non!, acompañaba os seus nons con bruscos movementos de cabeza de neno enrabiado. Lento non! Lento foder as serpes, eu rápido, eu como gorila, coma os curmáns da Chita.

Non comentei que o meu home é moi testán, e aínda que ten capacidade de adaptación, non acepta da noite para a mañá as miñas propostas. Hai que pensar que sempre viviu só, se exceptuamos á omnipresente Chita, e está afeito a facer e desfacer sen consultar nin negociar.

- Non, meu amor, non quero que me aqueles coma as serpes, pero tampouco coma os orangutáns. Quero que esteas moito tempo aquí dentro, para que eu me divirta máis.

Tarzán é empírico, non está moi afeito a reflexionar. Actúa por instinto, o cal resulta irresistible. Reviroume como fixera xusto antes da nosa conversa e comezou a darme un tratamento similar.

- Amodo..., así, lento e profundo, que a sinta toda, entrar e saír. Moi ben, miñoquiña, así, segue, segue...

Sempre me entraba por detrás, nin se expuña modificacións nas posturas. Chea de valor

polo novo logro propúxenlle a postura do misioneiro.

- Ven, parruliño, imos probar un novo xeito de facelo. Eu vírome e mirámonos. Podes introducila por diante. Ves?

- Así non ser Jane! Ti ensinar a min cu. Así fornicar serpes!!

- Anda, meu amor, só unha vez, achégate. Mira, agora os teus peliños rozan este punto de carne, que se chama clítoris e dáme moito gusto. Ademais así podo tocar os teus pectorais, e ver como entra, e para maior ledicia os teus cilindros danme na castaña con moito aquel. Ademais, podes ver os meus peitos, e lambelos.

- Ti ser moi orixinal, Jane, díxome, pero gustoulle e estivo un bo rato dálle que dálle sen perder ollo desa nova perspectiva.

En cambio, practicar sexo oral saíu del. Un día díxome:

- Eu non poder chupar o meu chimpafigos. Eu sempre intentar, desde pequeno. Ti chupar Jane, e sinalábame coa man o obxecto, invitándome a engulilo.

Gustoulle, gustounos, e entón quixo paladexar o sabor da miña cuncha.

- Déixame mirar a túa paxarela, dixo.

- Claro.

Recostei no fento e abrín as pernas para que coñecera ben a miña fisionomía. Sempre me pareceu de vital importancia que os homes coñezan ben o que se traen entre as pernas as mulleres.

- É coma se ti ter o cu escachado- dixo- podo tocar?

- Toca.

Tocou a conciencia.

- Podo lambe?

- Lambe

Lambeu a conciencia.

- Saber ben, moi rico, dixo coa boca pingando. Parecía un neno que meteu a cara nunha torta de mel.

- Sabe a marisco de mar, pero ti non sabes que é o mar, meu querido Tarzán.

- Que ser mar? Eu querer ir comer mar.

- Noutro momento explícocho, agora continúa, meu amor, que me esta a gustar...

En cuestión de meses, melloramos cantidade, os nosos cañuetes eran de premio internacional en aguante e flexibilidade, en paixón e orixinalidade. A selva xa non era senón hipódromo de tanto como se cabalgaba. Os primeiros tempos da nosa relación, a paixón envolveuno todo e eu era feliz, moi feliz.

Cando se practica o sexo na selva, unha debe afacerse a ser exhibicionista e a estar rodeada de voyeurs. É común que ao abrir os ollos na éxtase atopas cos dun ourizo, unha iguana, un xabaril..., seguindo atentos os nosos xestos e movementos. Todo é afacerse. Non me amolan, non me molesta ningún salvo Chita. E é que ela está sempre aí, decatándose de todo, coándose no medio de nós os dous, facéndose a graciosa coas súas monadas.

Chita está obsesionada con Tarzán e é a típica amiga que vai de nai e faille unha especie de chantaxe emocional, co cal el consente que estea connosco todo o santo día. Ademais ofrécelle a ela os mellores cocos, e míranse cunha complicidade da que xamais serei partícipe.

Si, ata na selva, afastados de toda civilización pode aparecer a pantasma dos celos. Son uns celos tan raros que non sei se son celos de nora, de esposa enganada, ou se son eu a terceira en discordia. Son celos que me fan crer que son unha tola paranoide. Eu, a fermosa Jane, co meu ventre liso e a miña pel suave, celosa polo sorriso dentón dunha mona con pelos bicudos nas pernas! Eu, Jane, unha muller intelixente e intuitiva sentindo que o meu compañeiro é usurpado por unha cuadrúpede rabilonga de orellas como soplillos! Jane, a estudada moza de familia ben, instruída en artes, sendo menosprezada polos ouveos dun simio estridente e burriqueiro! Non teño

que explicar que a miña autoestima mingua a medida que avanzan as miñas dúbidas.

E é que pasan tempo de máis xuntos a enredar. Non me podo queixar, cando decidín pertencer a este fogar as cousas xa eran así, e non me sinto con forza moral como para cambialas. Desde un principio a mona amolábame. As miñas relacións con ela comezaron mornas, facíanme certo aquel as súas entroidadas: aparecer cando non a esperas e saltarache ás costas, roubar a comida que vas meter na boca para comela ela nunha póla fronte a ti.... Parvadas simples que a Tarzán lle facían soltar ruidosas gargalladas. Eu tamén ría, pero era un riso falso. Que podía facer? Se quedase sería pensarían que era eslamiada e aburrida. Xamais conectamos en sentido do humor a curmá de Amedio e eu, parécenme simples os chistes que consisten en rirse dunha persoa facéndolle conachadas. O meu humor é máis intelixente, máis sutil. Non me gusta rir dos outros, senón cos outros.

Díxenllo:

- Tarzán, esas bromas que fai Chita son dunha simpleza, e dun mal gusto propio de seres primitivos.

Miroume Tarzán coma se eu fose unha resabida estudada en Harvard, e el o camareiro nunha cantina de borrachos. Traguei as miñas palabras e optei pola que sempre é a peor das opcións: finxir. Finxía que me divertía pero no fondo estaba desexando que se largase a mona dos collóns e nos deixase en paz. Hoxe xa non a soporto, xa non podo finxir, o rexeitamento converteuse en odio puro e duro: ponme negra vela diante. Non soporto os seus sustos e as súas falcatruadas típicas de nena malcriada, calquera día lámbolle un sopapo que a esfolo. Non entendo como a el lle seguen a facer graza... claro que ultimamente son eu sempre a vítima das súas saídas de ton. E Tarzán ri, ri e ráscalle a cabeza pequena e redonda. Tarzán esmendréllese, a lercha salta e berra e eu quedo con cara de póquer, intentando controlar a mala folla que me sae cando se alían contra min.

O meu matrimonio vaise a pique neses momentos: Ódioos aos dous. “Que fan cando pasan

tantas horas lonxe, folgando por aí?” Se chegan moi tarde, atópanme de morros. Pero non podo falar con liberdade porque a moi fresca vén con el e instálase no noso sofá, esperando o caldiño con patacas, nabizas e unto que estivera a cociñar toda a tarde, ou as sopiñas con viño, ou as torradas con mel.

Póñanse en situación. O meu marido quéreme ao seu xeito, seino, pero se pasa moitas máis horas con esa outra femia, a especie é o de menos dadas as circunstancias, pásano xuntos bomba, teñen multitude de amigos comúns cos que andar á troula e se entenden que dá xenio, colegas cos que eu non sei de que raios falar, inténtoo, pero non hai maneira. Cando el chega, ela entra como perico pola súa casa, instálase, ata ben avanzada a noite, servíndose ela mesma da despensa porque ten o costume de petiscar no alleo. Apálpao todo o tempo coas súas catro patas e a súa cola, e senta a cona no seu ombreiro. Podo percibir o cheiro a mico no corpo do meu esposo.

- Vai á fonte a lavarte, cheiras a animal, dígolle mirando a ela.

O mangallón aló vai, coma un bendito, sen darse por aludido.

- Vale, eu volver nun minuto. Ti vir comigo, Chita?

E xa está a tía cocha colgada enriba del.

Quedaría a durmir, pero é o único signo de cordura que manifesta Tarzán: cando imos á cama, despídea. Ela vaise fungando coa cara encourada e os ollos pitiñosos. Polo menos durante a noite prefire a miña pel tersa e suave ás porcas bicudas da miña rival.

Non quero darlle aos miolos, que ando todo o día a cismar, faime dano e teño a vaga sospeita de que se o poño na dicotomía , se lle digo:

- “Ou ela ou eu. Escolle!: ou a mona ou a muller”, sospeito que quedaría co simio. É terrible, pero é o que me di o corazón. Esa foi a miña primeira intuición, que agachei co do taparrabos e o complexo de pito pequeno: a relación coa mona é o que me cheiraba mal desde o primeiro intre. Non quixen velo, carcomida como estaba pola febre do desexo salvaxe que producía Tarzán en min.

Tarzán segue gustándome, é un monifate, un monicreque pero quéroo ... Ás veces penso no divorcio. Vivir tranquila nunha cova onde estea acubillada, en silencio, sen os berros desa mona estúpida. Non é sinxelo tomar esa decisión. Economicamente dependo del (xamais me ensinou a cazar), e socialmente estaría fatal visto (Tarzán é o neno consentido desta gran familia selvática e eu non son máis que unha advenediza). Son o floreiro do mozo guapo e forte, pero teño orgullo. Non me gusta a idea de compartir ao meu home con outra, que pisoteen a miña dignidade paseándose abrazados polos cumios máis elevados, para que todos os vexamos.

Máis vale non indagar demasiado, pero sospeito que o meu home non era virxe cando consumamos a nosa unión. Iso unha intúeo. Non era virxe e sabía ben como poñela en adobo.

Unha vez díxome:

- Por que Jane non berrar cando Tarzán penetrar?
- Eu xemo, parrulo, xemo docemente, é máis romántico e elegante que dar alaridos.
- A min gustar que cando fodo femia berrar.
- E cando che sucedeu iso?

Dubidou antes de contestar.

- Eu ver, Tarzán ver.

E nestas cavilacións ando. Como aquí non teño amizades ou asociación algunha de mulleres decidínme a escribir para desmitificar ao salvaxe con corpo de Adonis.

A avoa, ou na cona da vella non manda ninguén

Son a avoíña por antonomasia, isto é, a avoa de Carapuchiña... Cambien de chip, por favor, non caian no tónico de verme como a unha repoluda anciá, coas súas lentes pasadas de moda e moño. Son unha muller independente, sa e forte. Son unha muller de curvas firmes e costas flexibles, que usa botas de gore-tex, e camiña dez quilómetros ao día sen sinais de esgotamento. Quedei viúva fai dez anos. O meu home e eu fomos felices, con altibaixos, e practicamos sexo vigoroso ata a mesmísima noite da súa defunción (morreu de súpeto, o coitado). Sufrín a dor. Ao principio atopeime desnortada (levaba tantos anos sendo media laranxa!) pero aos poucos fun organizando a miña vida segundo as miñas propias apetencias, o cal non fora posible en todos estes anos. Criei catro fillos, o finado do Manolo era un home familiar que se empeñou en encher a casa de curmáns e sobriños. Pasei os trinta anos do meu matrimonio a cociñar, a limpar, a parolar e a facer cocidos e filloas para todo can e gato que se achegaba á lareira. Unha vez enviuvada, decidín cambiar de vida, gozar das miñas lecturas e dos meus paseos. Estaba farta de vivir rodeada de xente. Os meus fillos creceron, algúns casaron e viven en Vigo e na Coruña, o mais vello tivo que emigrar a Madrid, todos levan as súas vidas, de modo que decidín gozar estes anos que me quedan en paz comigo mesma, co meu interior, o cal non pensen que é sinxelo, dada a tendencia a crer que o que se illa é raro, enfermo ou caeu nunha terrible depresión. A miña filla Inés, a nai de Carapuchiña, é a que está máis preto, vive en Quiroga, a uns dez quilómetros da miña vella casiña

que herdei dos meus avós e restaurei con non poucos quebracabezas. Vivo nun lugar esquecido do mundo, abandonado e son moi feliz aquí, neste souto do Courel. Inés non o leva ben, de sempre foi unha rapaza insegura que pon nos demais os seus propios sentimentos.

- Por Deus, mamá, Como vas vivir soa no monte á túa idade?

Vin ao bosque próximo ao seu pobo para que me teña a man, sei que precisa terme preto... Inés invítame todos os días a comer á súa casa e se molesta cando non vou. Normalmente fágoo en moto o cal tamén a preocupa, agás cando chove, que vou na autocaravana (antes da miña retirada ao bosque percorrín Europa en caravana, un soño que tiñamos pensado facer o meu home e mais eu cando nos xubilásemos e decidín facelo eu soa, a pesar das moitas pegas que puxo a miña filla Inés).

Con todo, a miña neta é oposta á súa nai. Divírteme Carapuchiña, que é unha nena esperta e aventureira, na que me vexo reflectida, pero cárgame ter ese compromiso: visitar á miña filla e á súa familia cada día. Prefiro que a miña neta veña á miña casa. Así que o famoso día en que Carapuchiña íame traer o mel, o queixo e a botella de bagazo, finxira un arrefriado para non ter que acudir á casa de Inés.

Estaba masturbándome cando petaron na porta. Nunca abandonei este pracer mesmo cando estaba casada, reláxame e axúdame a ser máis feliz, procuro que non sexa algo mecánico, dedico bo tempo a organizar os preliminares. Normalmente fágoo logo de ducharme, e busco xa na ducha, mentres paso a esponxa polo corpo fantasiar, pensar nunha situación quente, distinta cada vez. É dicir, fago un traballo mental antes do simplemente físico. Intento non comezar a acariñar o meu sexo ata ben pasada media hora, pera non caer na vulgaridade de facer unha palla en dez minutos.

Petaron na porta e baixei das miñas ensoñacións, por sorte, aínda estaba a comezar o protocolo e non me molestou en exceso a interrupción. Pensei que era a miña neta e fun abrir en bragas e sostén, un modelíño de encaixe vermello do que me encaprichei ao meu paso por París. Non son muller pudorosa en exceso e tratándose de Carapuchiña, abrí a porta sen pensalo. Quedei

paralizada ao velo.

“Que home máis grande, que nariz tan tremenda, que orellas!”, pensei, “qué beizos, que ollazos, que ... “.

O tipo era o mesmísimo arrincapiñeiros. Estaba tan impactada polo físico de Feroz que esquecín a miña propia semidesnudez uns segundos, os xustos para sentirme manoseada coa mirada larpeira do tipo aquel. Instintivamente, descendín a miña vista cara a un vulto que crecía ás alancadas no centro dos pantalóns do home. El apercibiu a miña mirada de sorpresa e, escachando en gargalladas, extraeu o instrumento nun dicir amén, e amosábamo babexando coma un porco, bruando coma un touro, coma se o seu ferrollo fose a xoia da coroa, tomándoo coa súa man coma se do facho olímpico se tratase.

Bufaba Feroz amosándome aquela bestialidade. Que grandeza, largura e anchura unidas nunha especie de porra inflamada! Era feo, non podería dicir o contrario, pero tremendamente atractivo. Tan moreno e peludo, tan masculino e viril... estaba saído como un boi e botaba escuma pola boca ao mirarme.

A verdade é que aos sesenta cumpridos, teño unha bonita figura e a miña cara conserva os trazos ben perfilados, un pouco esaxerados polas engurras de rigor. As miñas cadeiras locen redondas e firmes e os meus abundantes peitos aínda se ven palpitantes. Pero unha xa non está afeita a recibir miradas luxuriosas, de xeito que me sentín gabada por semellante manifestación de masculinidade. Divertíame ver a ese tipo suplicando “amor” ao máis puro estilo carnal. Como estou nesa idade en que a temperatura corporal oscila de calor a frío libremente non me sorprende a onda de bochorno repentino que cubriu o meu rostro, o meu pescozo, o meu escote ... Todo o meu ser transpirou bruma e o orballo empapou o meu modelíño parisiense e semellaba eu unha galiña choca. O meu lagar enfebrecía e o demo de rapaz pareceu decatarse.

Desde a morte do meu home non tiveron oportunidades de sexo compartido. Fun unha muller liberada na época da pílula e o amor libre, e sono agora de maior máis na teoría que na práctica.

Cando un home atractivo se me pon a tiro, gózo nunha das miñas máximas: carpe diem. Feroz tíñame ganas e eu pensei: “Por que non?”

Era evidente que o tipo non quería roubar nin mancar, só buscaba sexo custase o que custase.

- Fareino polas boas ou polas malas?, dicíame a súa mirada enfebrecida.

- Polas boas, polas boas!, pensaba eu, asombrada pola miña ausencia de temor, polo meu “botarme para diante”.

Estábame a tentar aquel grosor, aquela paixón febril do fulano. Ás veces pode ser agradable ofrecer o corpo como calmante, e recibir o propio, sen maiores vínculos.

- Pase por favor e vaíamos con calma. Non hai présas, non si?, esquecera por completo a visita inminente de Carapu.

Entrou o trasgo, vaia se entrou! aos tombos, todo arroutado, con aquilo saltando entre as pernas e lanzouse a quitarme o sostén sen tino, como un lobo famento. O mendicante quería coller o atallo, pero eu sonche mais de reviravoltas.

- Relaxa rapaz!, e todo irá ben.

Resultaba cómico que fose eu a encargada de acougalo a el. Pero Feroz estaba a piques de rebentar. Xesús, cantas veas inchadas amosaba o maromo! Que cabezón tiña a serpe!.

- Amodo, fera! Non tes por que te apresurar... Goza do momento. Calquera entraba agora en explicacións “zen” sobre o gozo da inacción dentro da acción: lanzábase xa entre as miñas pernas buscando a cabuxa, o moi burricán.

- Eh, quedo!! En que século vives? Hai que pór un condón!

Estívose quietiño mentres llo colocaba. Agacheime fronte a el para comprobar ben de cerca a monstruosidade de trompa que amosaba o elefante. Que barbaridade, nin nas miñas fantasías máis elaboradas puiden imaxinar chibo coma aquel e iso que, como boa admiradora de Celso Emilio,

sempre me gustaron longas e de pedra. Que robustez e negrura!. Calibrei a súa textura máis coma científica que como muller en celo, e alí enriba o dos cabeiros afiados ouveaba. Tíña gorda e longa e quente e cheíña a piques de estoupar, co capullo ben destapado e a boquiña aberta coma un peixe famento.

- Seica o seu furacazolos ten mais fame que un fato de lobos, díxenlle por trabar algunha complicidade entre nos.

- Ten, señora, ten.

Feroz non tiña gañas de parolar neste intre así que coloqueillo ben apañado, arrastreino cara á miña cama e sentei ao carricho del sen cumprimentos.

- Déixame facer a min, que me dá a espiña que teño mellor tino.

Hai cousas que non se esquecen e había que ollarme na brincadeira! O baralocas miraba, vaia si miraba con aqueles ollos birollos coma se me quixera papar...

Estabamos nos labores habituais das situacións semellantes, cando soou o timbre.

- Merda!, A miña neta!! Sal da miña cama, sal, veña, fóra, bule!!!

Como o tipo non se movía, aparvado, negando coa cabeza, facendo sinais para que non abrise, belisqueino a esgalla pero o tipo parecía excitarse aínda mais con aquilo, trabeino a pedir de boca e entón ouveou.

-Auuuuuuuuuuuuuuuu!!

Alá fóra Carapu deu un chimpo, e rápida coma o lóstrego, buscou as chaves que hai debaixo da planta. Deume tempo xustiño de botarlle unha colcha enriba a Feroz, apagar a luz e lanzarme eu baixo a cama, sen ter claras as consecuencias destas decisións precipitadas.

“Vaia erro!”, pensei en canto me vin a min mesma baixo a cama, e Feroz entre as miñas sabas, aínda a laiarse, pero sen deixar de exercitar movementos obscenos.

A miña filla é moralista e a miña neta non ten máis de doce anos de modo que me resultaba

tremendamente violento que me cazase cepillándome a un home, e aínda por riba a un home tan ordinario, tan feo. Un home que semellaba un trasgo, un demo con cola erecta.

Carapu chamou á porta do cuarto:

- Estás aí, Avoa?

Eu muda, presa de pánico. Abriuna:

- Avoíña, estás a durmir?

Hai que ver que cousas se lle veñen a unha á cabeza en semellante estado de excitación, cando escoitei que Carapuchiña preguntaba se estaba a durmir, recordei a famosa frase atribuída a Camilo José Cela: “Non estou durmido que estou durmindo, porque non é o mesmo estar fodido que estar fodendo”. Iso precisamente é o que facía eu, querida neta, estaba fodendo, e ti viñeches a foderme.

Achégase á cama a nena, podo ver os seus pés de botas negras e o gabán ridículo que lle fixo Inés con tea de pano vermella. Coma na cama a miña neta non vía máis que un vulto respirando, descobre con coidado a colcha e atopa unha cachola espeluxada e unha orella revirada.

- Carallo avoa, que orellas máis grandes tes!

Feroz virou a cara e asomou un ollo.

- Que ollos máis grandes tes!!

- Que dentes máis longos tes!!!

Feroz non podía soportar máis a proximidade de tan saborosa rapariga e destapou o seu corpo amosando a tremenda mandunga ergueita.

- Pero... queeee?, berrou Carrapuchiña.

- Ë para comerte melloooooorrrrrr!!!!, berrou o tolo do home.

Feroz estaba cheo de luxuria, inflado dunha mestura explosiva de concupiscencia e

agresividade. Carapu deu un berro espantoso. Ía a por ela co cal non dubidei ao disparar. Sempre escondo unha recortada baixo o colchón por se as cousas se poñen feas, comprouna o finado de Manolo para matar o porco cando cambiamos o xeito tradicional de facer a matanza porque os fillos xa non viñan a botar unha man e mira por onde dinlle por fin bo uso. Dinlle na perna, nunha coxa, xusto onde apuntei. Non lle danei ningún órgano vital, incluído aquel que era o seu obxecto de soberbia e agora comezaba a minguar repentinamente desacougado. Saín de debaixo da cama, orgullosa da miña puntería. O tipo ouveaba e retorcíase manchando todo de sangue. Carapu estaba ao borde dun ataque nervioso e botou a chorar. Non sabía a cal dos dous debía socorrer primeiro, se ao ferido por piedade ou á nena, de xeito que agradecín tremendamente que o garda forestal andase por aí, e se achegase en canto escoitou ruidos.

- Quen vai?!, vociferou desde a porta.

En canto comprobou o panorama, tomou cartas no asunto. Que tipo tan apañado! Mentres eu acougaba a Carapu e me puña algo de roupa enriba, esposou a Feroz, e fíxolle un torniquete na perna.

- Que facemos con este?

- Déixeo ir, penso que non lle quedarán máis ganas de amolar.

- Oíu vostede?, máis lle vale marchar, canto máis lonxe mellor. Marche ás Américas!

Deume un pouco de mágoa o bruto índose polo seu propio pé, coxeando amorriñado coa guitarra de arrastro. Pero tiña ben merecido o seu castigo. As nenas son intocables. De feito calquera muller o é, salvo que exprese manifestamente o contrario. Raios! Calquera persoa o é. Un home que non sabe respectar iso ben merece un tiro na coxa. Non me sentín culpable en absoluto, senón máis ben todo o contrario.

- Ese non se volve a achegar por aquí, dixo o garda forestal.

Carapu e eu rimos abrazadas a unha á outra. Díxenlle á nena que marchase á súa casa a descansar da emoción, e a dicirlle á súa nai que todo estaba ben, non fosen a chegarlle as

murmuracións e asustarse.

- Sería mellor que a túa nai non soubese nada disto Carapu. Non me deixará en paz.

- Vale, Avoa.

O garda forestal sorriu coma se unha gran empatía o unise a min. Unha vez Carapu tomou o carreiro, invitei ao Garda a tomar unha cunca de viño.

- Aos dous nos virá ben, dixen.

Aceptou de bo grao. É un tipo moi agradable procedente do Carballiño, reservado, de poucas palabras, un home forte e san, solitario coma min. Cruzámonos en varias ocasións polo bosque e saudabámonos cordialmente pero nunca tiveramos posibilidades de intimar. Debo levarlle uns dez anos. Tiñamos boa química entre os dous, saltaba á vista. Ofreceume un puro que aceptei. Acomodámonos en sendas hamacas ao carón o un do outro coma vellos camaradas.

- Ten vostede coraxe, señora!

- E logo, non ía ter... unha ten que se saber defender cando a ocasión o esixe.

Mirábame riseiro Garda, e deume a impresión de que estaba a xaneirar como xaneiran os homes tímidos. É ancho e musculoso, con barba rasurada e abundante pelo cano. A súa pel emana un lixeiro cheiro a oso limpo.

Gaguexou:

- Non é de estrañar que o tipo ese intentase molestala.

- E logo?

- Omh, cando entrei estaba vostede ...

- Espida.

- Iso. Sorriu amosando os dentes e miroume directamente aos ollos. É vostede moi fermosa (boniteira é a pesca do bonito) e supoño que Feroz deuse de conta.

- A Feroz tanto lle tiña a avoa ou a neta.

- Eu preferiríaa a vostede.

- Ai que leria, Garda. Está vostede a ligar comigo?

- Ben, sempre me pareceu vostede unha muller interesante. Hei de recoñecer que con frecuencia roldaba a súa casa buscando unha escusa para visitala.

- Non necesita vostede escusas, veña cando queira.

- Hai días de choiva e frío que no bosque son moi duros con este tempo de diaños.

- Teño a lareira acendida en días semellantes.

- Tamén hai días de calor que un abafa.

- Téñoche o pión cheiño por se queres refrescarte.

- Sería magnífico poder vir, descalzarme, pór as botas un intre na lareira...

Saltáronsecheme as alarmas.

- escoite vostede. Non estou en idade de andarme con melindres: se desexa vostede vir para quentarse e quentarme como fan os adultos será ben vido, pero se o que quere é unha naiciña que lle amorne os pés e lle dea un caldo, mellor vaia a outra choza.

Garda miroume e souben que o tipo non buscaba unha nai, senón unha muller, e souben que me resultaría moi, pero que moi difícil manter a miña independencia unha vez entrara na miña casa e no meu corpiño trouleiro. Disque o polbo do Carballiño é do melloriño....

A madrasta: ama

Desde que o espelliño máxico falou, desde que o fodido espello dixera:

- “Brancaleves é a máis bela do Reino”, tornara tola.

Era unha tolemia feroz, roedora. Ninguén podería dicir que a madrasta desvariaba, pero a obsesión por manter o seu corpo eternamente mozo e fermoso, por ser a máis bela, tíaa trastornada. A súa vida transcorría entre o ximnasio, a perruquería, a casa de masaxes, a esteticista e a tendas de alta costura. Gastaba o orzamento nacional en cosméticos e tratamentos.

Ademais de dedicar case a totalidade do día ao hedonismo de manter o seu corpo en adobo, fornicaba máis ca Mesalina porque ben é sabido que o seme é a poción perfecta para conservar a cute fina e delicada. Non só fodía para mellorar a súa pel, tamén o facía porque a divertía moito, e na variedade atopaba o gusto. Todos os seus mordomos pasaran pola peneira, tamén os axentes e os perruqueiros e os masaxistas, os ximnastas do “gim” e os infantes, condes e marqueses dos reinos veciños. Todos mollaran o manubrio na súa cunchiña.

Gustáballe gabarse coma unha morsa en celo diante dos seus amantes. Fascinábaa, sobre todo, deixalos pamos fronte á súa beleza sen par, fronte á súa elegancia natural. Máis tarde enconábaos coa súa arte de tigresa branca e secábaos ata que amouchaban. Entón abandonábaos e buscaba un novo amante ao que espremer. Fodía con desesperación, apreixándose á vida como posesa, intentando por todos os medios que Eros vencese a Tánatos.

Esta actitude súa non fora sempre así, de nova aspiraba a xoias e riquezas, de feito, casou

co Rei tan só porque era o Rei e endexamais o quixo, aínda que gozaba moito sendo Raíña consorte e acompañándoo a ceas e recepcións. Cando enviuvou foi cando se obsesionou co seu aspecto, o tic tac do reloxo non cesaba e comezou a ver signos inequívocos de que estaba avellentando, e logo o puto espello dicindo a frase envelenada que se cravou no seu ventre coma un puñal.

Tivo que matala, á súa fillastra, á bela Brancaneves. Non a deixaba durmir a envexa da súa mocidade e crecente louzanía. Quitou ese peso de enriba sen remordementos. Disfrazouse de bruxa, envelenouna coa mazá e chimpouse aos sete ananos, primeiro un a un e logo a todos xuntos. Despois foi falar cun médico estético. As promesas publicitarias dun corpo máis bonito, máis esvelto, máis terso, de tetas pontudas e cinturiña de avessa, non caían en saco roto. Non era muller de complexos, pero o que contestara o espello na última ocasión deixáranla tola de remate.

Así que alí estaba, furiosa, porque era xa unha hora máis tarde da que a citaran. Atenderíana o cirurxián, que lle ía explicar en que consiste a operación: anestésias, cicatrices, convalecencias... Unha moza de idade indefinida polas súas múltiples operacións fixéraa pasar. A madrastra observouna atenta e descualificouna interiormente ao instante, aínda que a enfermeira era unha bonequiña de plástico, loura de aspecto vulgar, definitivamente, non era tan bela coma ela. Logo dunha ollada de arriba embaixo, sentiuse máis atractiva que esa enfermeira e tranquilizouse: seguía sendo a número un.

A Madrastra quería dar a mellor impresión ao doutor, sempre quería dar a mellor impresión, e lucía sublime. A súa longa cabeleira negra brillante estaba agochada baixo unha perruca escura de corte ao Cleopatra, o floco enmarcaba as cellas curvas e esaxeraba os brillantes ollos acibeche. Os beizos saborosos repintados de vermello destacaban na súa pel branca. A lurpia dañina lucía preciosa. Tiña esa clase de beleza arrolada pola envexa, mantida pola luxuria e mimada pola cobiza, una fermosura que da un chisco de medo.

Ía disfrazada, o médico non a recoñecería, non era preciso, tan só pensaba mellorar os seus peitos e desexaba ir de incógnito aínda que iso significase ter que esperar vez na sala de espera. Os seus fermosos e rotundos peitos que foran deleite dos seus súbditos, e sobre todo do seu espelliño

máxico, comezaban a ceder grazas á innegable gravidade, de xeito que desexaba recobrasen o seu antigo esplendor.

Na amarga espera, unha recente operada de ventre contoulle a súa vida, non lle fixo falta máis que botarlle unha leve ollada para considerarse a si mesma máis bela ca aquela muller, de modo que puido falar tranquilamente, sen o punzón da envexa. Á moza, que debía ter uns vinteoito, trabáranlle todo un faldrón de tripa que ela denominaba colgante debido a un embarazo e posterior perda de peso repentino. Estaba vendada e encantada, dicía encontrarse ben aínda que algo incómoda, malia que a súa operación durara tres horas, e levaba unha semana enfaixada sen poderse duchar. Falou ledicias do cirurxián, co que dicía rir moito e ter unha relación próxima e cómplice. Íanlle quedar no ventre cicatrices profundas, pero ela sentíase feliz con esa nova barriga que lle supuxera oito soldos, un mes de baixa e non poucas dores. Á madrastra non lle gustou o aspecto que supuxo lle quedaría á moza, pero non llo dixo: “cada un ao seu” pensou.

Por fin chamárona. A mesma moza da entrada, coa súa bata e os seus andares de bailarina de cabaré levouna á consulta. A raíña non pasou ata que a *putiña virxe* abriu a porta e lle cedeu o paso. Entón deixou caer a súa estola para que a enfermeira a colgase onde considerase oportuno.

O cirurxián era novo, máis do que un espera cando se vai topar cun. De pelo crecho, ollos vivos e acento raro, metade arxentino, metade italiano.

- “Parécese a aquel cazador que enviei a matar a Brancaneves, aquel que se acovardou e me enganou traéndome o corazón dun cervo. É bo mozo, aínda que chuchado”.

Explicou brevemente que decidira mellorar levemente o aspecto dos seus seos:

- Quero que manteñan a soberbia que os caracterizou ata agora- dixo sen falsa modestia -non desexo eliminar nin poñer volume, só erguelos un chisco-.

O doutor pediulle que se espise de cintura para arriba.

- Por favor, íspase e mantéñase de pé apoiada na parede de en fronte.

El permaneceu sentado, a enfermeira de pé detrás da mesa.

A raíña levantou da cadeira case con odio. Con aires de ama desfíxose da súa lixeira

pullóver morada, e con seriedade e firmeza do suxeitador, sen titubeos, sen disimular que a indignaba obedecer ordes. Sempre era ela a que dicía:

- ”Ispe, saca o pantalón, amósame iso...”

Levaba saia tubo que lle marcaba os cadrís divinamente e elevados zapatos de tacón negros. Resultaba tremendamente atractiva espida no torso, cinguida na súa metade inferior. A súa figura era a dunha muller madurada en xarope, as súas carnes unha mestura entre firmeza e brandura de cor pan de millo. Coas costas ben erguidas disimulaba que os seus peitos, con bicos do peito perfectamente areolados, eran tetas con tendencia á baixa. Parece mentira que unha muller con ese carácter de mil demos poida ser tan bela, que unha amargada rosmona e fungona poida ter os trazos tan ben deliñados.

Unha vez ela se colocou como lle indicara, o cirurxián achegouse respectuoso, coa boca chea de auga e os ollos brillantes.

- “Outro baboso máis”, pensou a madrastra.

O home, ignorante destes pensamentos para a súa persoa, achegou a súa man a unha desas peras maduras e ergueuna, engurrando con dous dedos a parte baixa da pel. A cereixa da punta púxose erecta coma un vimbio. Xa co peito na súa man, o cirurxián mirouna aos ollos e explicoulle que habería que cortar por debaixo nunha fina liña, e logo un corte transversal ata o bico do peito, eliminar a pel sobrante e volver a coser. Como dese xeito quedaría moi baixo, habería que recolocalo tamén, subíndoo un par de centímetros. Faláballe desde moi preto e case bisbaba as palabras. O médico explicaba, en evidente excitación, á súa paciente as características da operación á que se tería que someter. Falaba e auscultaba a un tempo.

- Os seus peitos poderanse erguer uns dous centímetros, seica, depende do seu gusto”

Ela pegou un chimpó, pouco lle faltou para lle dar unha labazada de moito mimo.

- Entón quedarían tres cicatrices, unha bordeando a parte baixa do peito, outra sairía do centro dese sinal ata o bico do peito, e, por último, unha rodearía a aréola? Ja!

- Así é- confirmou o cirurxián cun certo cinismo, mirándoa fixamente aos beizos.

Ela negou coa cabeza, ao chan caían as súas ilusións de ter o peito alto. Non era muller acostumada ás frustracións e a ira arremuíñóuselle na faciana. Non estaba disposta a mutilar de semellante xeito ás súas tetos, que agora se lle antollaban preciosas. Estivo a piques de fenderlle a testa ao cirurxián inmigrante, pero o que fixo foi escachar coa risa, un riso cínico e insán.

- Vaia coa súa proposta señor, acaso non considera que os meus peitos son máis belos coa súa fisionomía actual do que o serían melados coa súa lanceta? Non era unha pregunta o que facía a madrasta, senón unha orde.

- Depende das súas prioridades señora. Vestidos os peitos lucirían divinos, podería levalos sen suxeitador... acaso practica vostede nudismo?-

- Si. Practico nudismo e practico sexo, espetoulle coma un puñal - considero que o meu espello preferirá un peito caído antes que un peito cicatrizado.

O médico, nun alarde de verdadeira profesionalidade e honestidade, asentiu perplexo ante a maxestuosidade da dama que parecía unha raíña alí semiespida na súa consulta. A Madrasta dispúñase a se vestir, collía coa man a parte superior da súa lencería de seda e encaixe, pero o doutor quitoulla da man.

- Veña, quero ensinarlle algo.

A súa mente mercantilista espertou, ao mesmo tempo que a súa concupiscencia medraba a ritmo vertixinoso no centro de seus pantalóns, a señora púñao quente con eses aires de marquesa, pero non tanto como para perder a perspectiva dunha nova cliente.

Non era a primeira paciente que o excitaba, pero a maior parte das veces sentíase quente trala operación, na derradeira revisión. Pedía á enfermeira que saíse con algunha desculpa e bicaba eses labios renovados, apalpaba eses peitos de estrea, lambía ese colo estirado. Elas aceptábano, acaso había mellor premio para esas mulleres que sentir que os seus esforzos tiñan unha recompensa en forma de desexo sexual?

Pero a Raíña non estaba operada e excitábo de igual modo. O doutor tiña moi bo tino para crear situacións subidas de ton. Sempre andaba na procura dunha nova erección.

- Achéguese, a miña enfermeira pode amosarlle os seus peitos, operados polas miñas propias mans.

A madrasta de Brancaneves elevou as cellas, dando a entender que consentía a proposta do doutor. A enfermeira, sen dubidalo un segundo, comezou a desabotoar a súa bata branca desde o botón que tiña máis preto da súa gorxa. Miraba ao chan mentres o facía, nunha submisión que parecía axeitada co médico e a elegante paciente mirándoa con ansiedade contida.

Eles non perdían detalle do que a moza ía amosando. Cando desabotoou o último quedou estática, como esperando, elevou a mirada ao médico como pedindo permiso. Este, á súa vez, dirixiuna cara á atractiva paciente. A madrasta non dubidou en actuar, achegouse á moza, tomou a bata pola parte superior, deixou que esvarase polas costas ata que caeu ao chan. A enfermeira non levaba roupa interior. O seu perfecto corpo de serea surrealista estaba asucado por cicatrices que aseguraban a inmovilidade das súas carnes. A raíña achegouse á enfermeira impresionada co que vía, era unha beleza estraña, case dolorosa.

- Parece unha estatua grega, coas vetas do mármore.

Achegou os seus longos dedos de uñas pintadas cor sangue e comezou a repasar todas esas costuras. Empezou a percorrer ese mapa de fronteiras, por unha profunda que localizou detrás da orella, a moza fixo un leve xesto de repulsa pero contívose e a madrasta seguiu a liña, que era apenas perceptible por debaixo da mandíbula. Despois baixou e seguiu outro rego antigo que dividía o baixo ventre da muller e se bifurcaba para o embigo. Tiña a pel de galiña. Subiu aos seus peitos, estes amosaban unha leve marca vermella ao redor da auréola. Eran dúas mazás verdes de pel brillante, máis firmes na punta que na base.

O cirurxián, que non perdía detalle do proceso tomou á enfermeira polos ombreiros e obrigouna a voltearse. As costas da moza eran fráxiles e de pel case transparente, as súas nádegas salientaban en altivez. A madrasta pasou a súa man polas curvas e comprobou a finura da pel e ao tempo descubriu dúas raias mínimas azuladas, que bordeaban a parte inferior do traseiro. O cu era, como as tetas, firme na punta e máis flácido nas periferia. Era un fermoso traseiro feminino, ideal

para lucir en bikini.

A madrasta observou con reverencia a obra de arte que o cirurxián ensinaba. Logo mirou para el, soubo que debaixo do seu pantalón a virilidade do cabaleiro estaba alterada. Sorriulle, o rostro da madrasta cobraba unha beleza felina ao sorrir, ensinou todos os seus dentes e tomou con calma o seu delicado sostén. A enfermeira seguía espida, como esperando ordes. A señora cubriu as súas tetas co suxeitador morado e deu a volta.

- Abróchao, dixo.

A enfermeira fixoo torpemente, tremíanlle as mans. O cirurxián miraba aparvado, non sabía que dicir.

A Raíña puxo a *pullóver* sen ollalos á cara, cun sorriso nos beizos. Despois, ergueu a mirada enmarcada de rímmel, e topou cos escintilantes ollos libidinosos do home erecto.

- “A este quen lla pon tesa coma un vimbio son eu, non esa momia de látex”, pensou con desprezo.

Aínda era a máis bela do reino. Colleu o seu bolso e saíu pola porta. Sen dicir adeus.

De como Marco perdeu a virxindade

A miña infancia foi un dramón como moita xente lembrará, pero a sorte cambiou para min de súpeto, xusto despois de atopar á miña nai. Encontrala e comezar a facerme un home, foi todo un.

Coa tranquilidade de achar a “mamasita”, de non ser un orfo só no mundo, o meu corpo relaxouse e comecei a medrar a pasos axigantados. Tamén a miña mente medraba. Fun un rapaz moi esperto grazas á cantidade de aventuras que me vin obrigado a vivir dos Apeninos aos Andes, a tantas situacións complicadas que houben de arranxar sendo tan só un neno. Unha vez con mami, o meu interese por aprender non tiña cota. Tanto me interesaba aprender o oficio de carpinteiro como ler latín nos vellos libros do mosteiro que tiñamos fronte á casa. Os monxes do mosteiro déronse de conta da miña habilidade á hora de memorizar e razoar e tomáronse a miña educación como un reto persoal, adoptáronme como fillo da comunidade e puiden aprender xardinaría, botánica, a elaboración do viño, gramática española, italiana e galega (o pai prior era galego procedente de Rianxo e como tal, bo amante das letras), aprendín cálculo, álgebra e xeometría. Cando os irmáns entenderon que me ensinaran todo canto sabían, decidiron falar coa miña nai. O pai prior presentouse na casa:

- O seu fillo é moi intelixente e aplicado, sería moi bo para el poder seguir cursando estudos universitarios.

- Ai, pai!, encantaríame que puidese estudar, pero somos pobres, eu empezo a estar maior e el debe axudarme a sacar a casa adiante.

- O diñeiro non ten por que ser un problema. Os irmáns e eu falamos do asunto e estamos dispostos a pagarlle os estudos, a concederlle unha bolsa para que faga a carreira que el prefira. Considero que pode triunfar estude calquera materia que estude.

A miña nai tívoo claro desde ese momento: o seu fillo sería médico. Por aquel entón, ter un fillo médico era o mellor que lle podía pasar a calquera muller, ou polo menos iso era o que pensaba mami, de xeito que non se falou máis do asunto. Ao curso seguinte matriculeime na facultade de Medicina de Bos Aires.

Ao longo do último verán antes de converterme nun universitario, traballei na carnizaría do barrio como axudante do carnicero: outro galego chamado Bolo que me ensinou a dar machadazos á tenreira e falaba da carne con absoluta paixón lobeira. Bolo tiña un pasado escuro, dicían que o expulsaran de España por violador, e que unha vella lle pegou un tiro na perna cando ía mancar á súa neta. O certo é que o tipo tiña un aspecto sinistro, cos trazos da cara esaxeradamente grandes e abundante pelo por todo o seu corpo. Pero Bolo fíxose coa miña confianza e resultou ser un aldeán simpliño, tan grande coma bruto, con gran coñecemento de asuntos cárnicos, así coma un erudito en materia carnal: coñecía por nomes e apelidos ás actrices porno, ás de agora e ás de antes, moitas das cales adornaban o interior da despensa. Entrar nese lugar cheirento a carne morta e ver esas fotos de mozas espidas, entre moreas de coellos despelexados, polos desplumados e tenreiras abertas en canal, ver aquelas mulleres louras coas uñas coma coitelos abrindo a súa cona sangrante resultábame vomitivo. Non é que non me resultara interesante o que esconde a fenda das parrochas no interior, pero a asociación co cheiro a carne é intragable, agora que xa sei mais da vida podó asegurarse que o mais elevado don que posúen as conañas, e o seu recendo a eternidade. Sen embargo, coma neno acostumado ás experiencias fortes, pronto me afixen.

Bolo ía de home de mundo e tomouse como un asunto de vida ou morte a miña formación en materia de mulleres cando se decatou de que eu aínda non “mollara o pinga”:

- Aínda non fodiches??!! Manda carallo, home... Pero abanear abanéala, non si?

Eu non lle contestaba pero por dentro bulíame o sangue. Comezara a facer pallas dous

meses atrás, e aquilo interesábame de abondo como para escoitar as ensinanzas de Bolo con maior atención da que puxera co pai prior.

Aseguraba ter fodido con máis de dúas mil prostitutas en toda a súa vida.

- Eu mirei máis pandeiretas que o Casanova ese -gustáballe dicir- Eu afundín máis bocas fanadas que o Don Juan!

Entusiasmábase o home falando das putas.

- Hainas sentimentais e cariñosas. Esas, se queres que te chuchen o carallo telas que convencer. Pero a min gústanme máis as outras, as maragotas que por dous pesos arránxanche o asunto completo en cinco minutos”.

O home puña empeño en levarme a un bordel, ao que eu lle respondía rindo e dicíalle que non tiña intención de pagar por posuír a unha muller.

- Ai, filliño! Pois á forza non o fagas que podes saír escaldado!, dicía e miraba a súa perna, o cal me daba indicios de que algo das murmuracións tiña que ser certo.

Bolo cría que era ciencia ficción que unha muller se entregase a un home con desexo, a Bolo parecíalle impensable que unha muller se puidese abrir coma unha flor para recibir o pole, como me gustaba imaxinar sendo un adolescente romántico. Bolo chamábame parvo:

- Ti o que queres é que unha moza che poña a cona en pantalla!, berraba.

Era todo un filósofo.

- A foda é a foda e que non me veñan a min con caralladas que hai moito pedante que seica o cu lles cheira a rosas e antonte andaban co raño no esterco. Ao foder todos somos iguais e cando o poldro bota faíscas un ten que metela aínda que sexa nunha curuxa.

O tipo asexábame e decatouse de que ás rapazas gustáballes falar comigo. Entón comezou a elaborar un plan.

- A min nunca me pasou, pero ti es guapo e mais falas ben... Se unha moza algún día sobe a saia e che ensina o cono...cagho non demo!! Ti méteslle o carallo ata o fondo antes de que veña outro e che foda a leitogada! Ti non sexas parvo!

Encantáballe falar do tema, de que unha imaxinaria muller se me presentaría un día disposta a facerme perder a virxindade.

Desde que eu traballaba con Bolo, eran moitas as rapazas que viñan a comprar carne e deixaban pasar a quenda para que fose eu o que as atendese. Antes de estar eu, seica non querían ir porque lle tiñan medo ao Bolo, pero agora eran as mesmas nais as que mandaban ás fillas porque eu tiña fama de bo rapaz no barrio. A min gustábanme todas pero non daba mostras porque o carnicero me afogaba coas súas bromas fedorentas:

- Esa hoxe andaba quente! Non vías como movía as pernas?... picáballe a perrecha!... A aquela férvelle a quirica!...A Lauriña ten cona de unto A filla de Xaquina tenche os tetos para chuchar neles...

- Ensínoume todas as posibles perversións sexuais e para iso tiña unha morea de imaxes que sacaba do interior do baúl da despensa:

- Mira, mira a esta como lla mete o can! E non vaias pensar que son montaxes, isto é verídico, díjocho eu!

- Déixame xa Bolo, es un porco.

- Xa serás ti un porco tamén cando molles a gaita.

Cando se decatou de que ía estudar medicina enchéuselle o corpo de ledicia:

- Ti faite xinecólogo deses, e cando che veña a ver unha que teña un bo pandeiro, méteslle a xiringa ata o fondo!!!

Bolo tíñame farto con súas porcalladas e despedinme da carnizaría gustoso. O efecto que produciu en min coñecer un obseso sexual tan cedo, foi o inverso ao esperado: non quería parecerme en nada ao carnicero, de maneira que me mantiven célibe ata que rematei a carreira de medicina, coa especialidade de cirurxía. Pero houbo outra circunstancia que tamén me fixo rexeitar o sexo. Pouco despois de chegar a Arxentina, miña nai quixo levarnos a Amedio e a min a un zoo o cal nos pareceu unha idea estupenda para pasar o domingo. Collemos o autobús e chegamos cedo. Non querían deixar pasar a Amedio, pero a miña nai tanto insistiu que accederon. Era un fermoso

día de primavera e os tres nos sentíamos ledos mirando os leóns, que tanto asustaban ao meu moniño, as xirafas, as aves exóticas...todo ía de marabilla ata que nos achegamos á zona dos monos, bonobos e chimpancés. Era o espazo de maior atracción desde que trouxeran á mona Chita, a famosa mona de Tarzán. Contaban que seica Jane non se adaptou na selva e forzou a Tarzán a vivir na civilización e este consentiu con tal de traer á súa compañeira da infancia con el, pero unha vez aquí, vivindo nun pisiño de protección social a mona non se adaptaba e facía tanto barullo que tiveron que levala ao zoo. O curioso do asunto é que Tarzán tampouco se acostumou á vida na cidade e el e Jane volveron á selva pero esqueceran ir recoller á mona. Esta, segundo dicían, estaba encantada no zoolóxico e era simpática e festexeira cos nenos e cos mozos, amosándose sen embargo agresiva coas mulleres. A súa gaiola era o centro de atención e estaba a rebentar de nenos tirándolle manises. Cando nos achegábamos, Amedio comezou a se por nervioso, e brincaba do meu lombo á miña testa nun estado de excitación non habitual. Quedamos a uns cinco metros da gaiola por ese motivo e porque moita xente se agrupaba apoiada na varanda separadora. Entonces a Chita mirounos e comezou a facer monadas, brincaba, brincaba e saltaba cada vez mais alto, revirábase e daba chimpos amosando o cu vermello que mesmo semellaba que chamaba pola mirada de Amedio. Ao principio Amedio escondía o corpo detrás da miña caluga e asomaba os ollos, pero de pronto notei que a miña mascota amosaba unha erección. As ereccións dos monos son escandalosas porque a súa pirola é longa e vermella, estreita e brillante. Sentínme molesto co mono enriba con aquilo tan teso. A Chita parecía ser consciente da resposta que os seus movementos facían en Amedio e entón comezou a berrar, amosaba os cabeiros todos e chiaba coma posesa. Os nenos do arredor rían e aplaudían, mais e mais xente se achegaba á gaiola intrigada polo rebumbio. Entón sucedeu o peor: Amedio dou un chimpó e alcanzou os barrotos da gaiola, a mona parecía gozar moito con todo e comezou a tocar o seu burato cos cinco pezuños, sentou escarranchada e se masturbaba coas dúas patas dianteiras á vista de todos nós. Amedio non quedaba atrás, colleu a colíña e facíaa estirar e encoller coma se dun *blandiblu* se tratara. Amedio e Chita parecían Adán e Eva tentándose o un ao outro, o primeiro coa serpe, a segunda coa a mazá prohibida. Eu chamábao.

-Amedio, ven, baixa! Temos que marchar... Amedio, baixa de aí!!

Nin caso. Nesas a mona pega un chimpo e engánchase de fronte ao meu moniño paspallás e nesa postura impúdica, diante de todos os turistas que sacaban fotos a esgalla, comezaron a foder con fame de seis semanas.

-Cagho en diola! Amedio baixa de aí agora mesmo!!, Amedio nin puto caso.

Os pais dos nenos tirábanlle cacahuets pero eles trebellaban con movementos rápidos, ambos os dous meneaban os cadrís esfogeados coma se tiveran un pemento no cu, bailando o baile de san Vito. Din que aos animais chéganlles uns segundos para remataren a faena, pero estes debían ser a excepción e non había xeito de soltalos. Viñeron os gardas e non sabían moi ben como actuar, non consideraban adecuado separalos bruscamente porque son ecoloxistas e moi respectuosos co mundo natural. Querían que a xente marchase, pero a xente estaba moi interesada co devir dos acontecementos e quedaba. A mona berraba, chiaba como se a estivesen partindo en dous montando un cristo de moito santísimo, Amedio gaguexaba cunha potencia que resoaba en todo o parque. Os outros animais comezaron a excitarse e os distintos ladros, gruñidos, cacarexos, asubíos, miaños e berros arrefriaban a un, algúns nenos comezaron a chorar, pero o peor foi cando o resto dos chimpancés das gaiolas veciñas comezaron a fornicar. Non era que se puxeran en parellas e fixeran o amor docemente nunha bela estampa primaveral, montábanse os uns aos outros sen ter demasiada conta de si o que tiñan debaixo era boi ou vaca, facían fileiras de bonobos encuados e os que estaban solos lambían os seus carallos ou as súas papuxas. Amedio e Chita, no centro desa festa rachada mirábanse aos ollos coma se se gabasen sobre a cantidade de orgasmos que eran quen de gozar. Os animais fodían todos pero os humanos, incapaces de facer o mesmo, de liberarse de prexuizos e puntear unha boa muiñada alí no zoo, puxéronse de mala folla: os gardas berraban, os pais rifaban aos fillos e as mulleres rifaban aos homes.

Veu o director do zoo e pedía a berros que a xente se tranquilizase, unha señora moi fachendosa díxolle:

-Por Deus señor, faga algo, vanse matar.

-Cale muller, que ninguén morreu por votar un “caniguay”!

Ao principio a miña nai apartouse de todos nos, avergoñada, pero de súpeto recobrou o ímpeto propio da italiana caralluda que era e achegouse á gaiola.

-Rematou a leria! Xa non aturo mais!

Sen salientar colleu o rabo de Amedio e tirou del con tanto pulo que o mono baixou do sétimo ceo de súpeto. Sen soltalo dirixiuse ao director:

-O mono queda aquí coa Chita que estache ben claro que estes dous queren casamento.

-Sí si, claro señora. Garda, abra a gaiola!

-Mamá, non quero que Amedio quede!!!

-Amedio queda coa súa dona, díxome sen dar pé a discusións. O meu compañeiro da infancia sen dubidalo entrou na casa de Chita, arrexuntouse a ela e ollábame desde alí cunha expresión de monicreque namorado. Amedio quedou no zoo e tivo familia numerosa, penso que foi moi feliz . Eu quedei asolagado ao principio e dalgún xeito intuín o cambio radical que supón na vida dun cando a chamada da natureza peta a porta, de xeito que fun moi remiso a deixar que petara na miña.

Cando rematei a carreira mamá morreu. Coideina como un bo fillo na súa breve doenza, e unha vez estivo enterrada, pensei deixar Arxentina. Comezou unha época de crise na que era difícil atopar traballo, de maneira que non o pensei moito cando decidín volver á vella Europa onde se supuña tería máis saídas laborais. Despedínme dos monxes, que tanto me axudaran, e partín rumbo a Galicia cunha dirección en Santiago de Compostela, onde o pai prior aínda conservaba algúns amigos.

Esta nova viaxe, a de retorno a Europa, (en voo chárter) foi máis sinxela ca a da miña infancia e aos quince días de chegar, xa dispuña dun traballo mediocrementemente pagado nunha corporación estética. Era o meu primeiro traballo como médico e afaneime en facelo ben. Obsesioneime, empeñeime en ser o mellor médico estético e a miña carreira comezou vento en popa. O meu traballo resultábame agradábel, estaba rodeado de mulleres fermosas que aspiraban a

selo máis e máis. Eu compracíaas en todas as ocasións. Esmerábame tanto, que cando unha muller viña coa ilusión de reducir o seu nariz, eu adoitaba convencela de que retocase os seus beizos tamén, ou os seus pómulos, ou as tres cousas a un tempo. Adoitaba fixarme en se tiña pencas ou marcas e propúñalles un láser para eliminar imperfeccións. Acostumeime a, dunha sola ollada, saber que era operable. Moitas clientas facíanse adictas e tan só querían que fose eu o que as atendese. Gañaba moitos cartos e pasaba o día na consulta ata ben entrada a noite. Alí eu era o rei. As enfermeiras comían da miña man e as mellores clientas solicitaban os meus servizos. Sen embargo eu permanecía virxe, non me preguntan por que. Os anos de estudante dedicáraos por completo a aprender, estaba tan centrado en rematar a carreira o antes posible e sacar notas brillantes para non defraudar aos monxes e a miña nai, que se me pasaron os anos sen dar-me de conta, por outra banda, non foi unha decisión elaborada, senón que interiormente tiña como un presentimento de que chegaría a muller ideal para min, a muller dos meus sonhos, e reservábame para ela.

Cando se pasa o momento, despois faise cada vez máis difícil, xa ningunha muller me parecía idónea para facelo por primeira vez, e o medo crecía a medida que pasaban os anos. Sen embargo xogaba co erotismo na miña consulta, xogaba a seducir e a ser seducido coa seguridade de que na clínica non podería chegar ao final con ningunha.

Tiña un canon de beleza moi elaborado e concreto, sabía exactamente a diferenza que debe haber entre cintura e cadeira, a distancia entre nariz e beizos para que unha cara resulte harmoniosa, o tamaño da fronte....cada trazo tíñao medido e estudado e cada vez as miñas pacientes parecíanse máis unhas ás outras.

Pero aquela muller rompeume esquemas. Entrou na consulta como unha “reinona”, cunha estola curta de pel, e pelo negro ao Cleopatra. Era bela, pero a miña mente científica rapidamente elaborou o conxunto de operacións ás que a sometería: lifting facial, redondeamento do queixelo, pero o máis probábel é que queira operación de peito. Sorrín cando dixo exactamente o que quería: elevar os peitos. Fíxena espirse da parte superior e fíxoo coma se fose unha vedete desprendéndose da súa capa. “En todo o tempo que levo aquí, aínda non vira unha muller que se espise con tanta

elegancia”, pensei.

Achegueime a ela e sentín unha excitación simplemente física coa súa proximidade, é dicir, a vedete poñíame cachondo con eses aires de Raíña todopoderosa, tomar un dos seus peitos coas miñas mans abraioume de maneira excepcional. Estou moi acostumado a ver seos e non producen un efecto en min tan inmediato. Nesta ocasión, unha erección púxome o corpo pandeireteiro, pero non me impediu explicarlle en que consistía unha operación de seos. Cando lle expliquei, o seu rostro mudou pola ira e díxome algo así como que sempre eran mellores unhas tetas baixas ca cicatrizadas, e que ela practicaba sexo, e que as distancias curtas eran o que lle interesaba.

Non me apouquei, e pedinlle á miña enfermeira, unha rapaza que escollera por submisa e discreta, que se espise para amosarlle á muller a miña obra de arte. Operara á moza unhas oito veces e era unha bonequiña perfecta. A dona achegouse á enfermeira e comezou a repasarlle cada cicatriz dun xeito tan lento e delicado que máis parecía unha caricia sensual. Eu mirábaa coa respiración cortada, pero non ollaba as súas mans repasando o corpo da enfermeira, senón á dona, unha femia feiticeira como xamais atopara. Despois do seu minucioso exame, a dona foise, e o meu desexo pola enfermeira de medidas perfectas esvaeceuse. Desde ese intre embargáronme un mar de dúbidas. “Pode ser posible? Pode ser posible que á fin o atractivo radique na singularidade?”

Comecei a pensar seriamente que o meu traballo era vacuo, que non valía para nada, entrei en crise, unha crise profesional e vital e seis meses despois decidín retornar á Pampa Arxentina, durante unha tempada e vivir coma un labrego para ter tempo de pensar e aclarar as ideas.

Aluguei unha habitación nunha pousada dunha familia que vivía da gandería e facíalles algúns traballos a cambio do xantar. Dispoñía de moito tempo libre e afeccioneime a dar longos paseos a cabalo.

Estaba nun outeiro descansando e mirando o horizonte, pensando por onde ía canalizar a miña vida cando vin que un camiñante se achegaba a paso lento, cando estivo máis preto puíden ver que era unha muller.

Os lectores cren no frechazo? Eu non, non cría en Cupido e súas frechiñas en absoluto,

pero o que me sucedeu non ten outra explicación. A medida que se achegaba a moza, con andares dispostos e a mochila ao lombo, a miña atracción ía en aumento.

- Ola!, berrou desde lonxe.

Erguinme e respondín:

- Ola!

- Hai algún lugar onde se poida comer algo por aquí?

- Claro! Invitareina eu mesmo á pousada na que me encontro, se quere, podo levala no meu cabalo.

- Ok. Son Lota.

Lota en nada se parecía ás mulleres que estiveran baixo as influencias do meu bisturí. Se non estivese nese momento atacado por millóns de feromonas facendo que a miña personalidade mudase, podería terlle feito a análise de cirurxián que tiña por costume facer mentalmente cando atopaba cunha muller, a saber: “liposucción en pernas e brazos, aumento de seos un quince por cento, depilación láser de axilas, tatuaxe de cellas, corrección dental mediante ortodoncia, limpeza de manchas na cute...e posibelmente operación de nariz”. Pero non, o nariz de Lota pareceume una boliña feita, que lle daba un aspecto simpático á súa cara, as súas meixelas infladas como peitos de paporroibo resultáronme boniteiras e o desnivel esaxerado de cintura moi estreita e gran cu de cesta do máis erótico. Que tivese as pernas e os brazos fortes, vino como un signo de fortaleza interior. Os dentes separados dábanlle un aspecto infantil, e esaxeraba unha saborosa boca de beizos rosados. Tiña o rostro cuberto de pencas e o pelo laranxa botaba faíscas co sol. Non é unha muller guapa...ou éo? A min desde logo parecíamos.

Sentou a lombos do cabalo e abrazouse á miña cintura. Galopei brioso coma un príncipe coa miña princesa recentemente liberada. De súpeto unha ledicia inmensa percorreu a miña alma: a calor que ela me transmitía nese abrazo firme emocionoume. Decateime de que desde que a miña nai morrera ninguén me abrazara, decateime de que non había amor na miña vida. Cando chegamos á pousada, estaba namorado de Lota.

- Comemos?, dixo.

Fomos xantar e gocei coma un neno véndoa rillar.

- Teño fame negra, érache ben certo, papaba no lacón con grelos sen falar nin ouvir. Cando rematou, dixo:

- Estaba esfameada, acendeu un cigarro, e recostouse na cadeira.

- Fálame de ti.

- De min? Seguro que ti es máis interesante.

- Dubídoo, tes ollos de home que sabe máis do que parece.

Comezamos a parolar. Lota é unha muller ben falangueira que semellaba unha meiguiña a namorarme. Unha muller un chisco misteriosa, co seu cofre con pequenas xoias de ouro e pedras preciosas coas que paga o que precisa. Levaba uns anos a percorrer o mundo, por América, por India e China.

- E non tes medo de levar todas esas xoias enriba?

- Non, medo non teño, o que si teño é un anxo da garda, ría Lota co seu encantador riso dentón.

- Es moi bonita Lota.

- Ti tamén me gustas.

Pasamos a tarde paseando pola contorna, e chegada a hora da cea volvemos á pousada onde nos esperaban os nosos anfitrións para cear con eles. Ao rematarmos, a dona da casa preguntoulle a Lota:

- Quere que lle prepare un cuarto?

- Non grazas, durmirei con Marco, espetou.

Nin que dicir ten a miña excitación. Entroume unha especie de crise de pánico, ao oír as palabras de Lota non fun quen de levantar a cabeza. Foi tan rara a miña actitude, que os gandeiros sentíronse molestos e pronto marcharon e nos deixaron sos. Lota foi a primeira en falar:

- Síntoo moito, síntoo de verdade. Pensei que os teus sentimentos eran coma os meus e

aventureime a dicir o que me saíu do corazón, pero non hai problema, hoxe podo durmir no chan e mañá a primeira hora marchó...son tan impulsiva...

- Non Lota, por favor- agarreille as mans - Síntoo, actuei coma un parvo, quedei bloqueado. Quedei atorado porque me fai moitísima ilusión que durmas comigo esta noite.

- Por favor non te sintas obrigado, esta é unha situación moi ridícula.

Tomeina polos ombreiros, achegueime a ela (estaba quenteíña coma un bolo de pan acabado de saír do forno), acariñeille as meixelas e os beizos de sal e canela e biqueina como nunca bicara a unha muller, con toda a miña alma tremendo, e todo o meu corpo posto nese bico.

- Quérote, Lota, nunca na miña vida coñecín a ninguén tan marabilloso coma ti. Que Deus te bendiga por ser tan graciosa, por ser tan feitaíña.

Lota colleume a man e levoume escadas arriba en busca do noso cuarto, eu semellaba unha andoriña asustada, pero a man de Lota transmitíame a calor necesaria para permanecer firme. Ao chegarmos, abrazouse a min, apertoume con moita tenrura, eu aprisioneí a súa cintura estreita e metín o nariz nos seus cabelos dondos. Sentíame tan emocionado que o meu corpo permanecía frío e rixido, non era quen de me mover. Penso que ela entendeu a situación, porque sen deixar de me acariñar coas manciñas brancas e pequenas foime quitando a roupa con todo coidado e fíxome tombar no leito. Ela tamén quitou a súa sen pudor. Non podía mirala do bonita que me parecía coa súa peliña branca e a súa cariña de cabazo. Taconeábame o corazón. Deitouse ao meu lado. Lota bicábame e os seus bicos eran húmidos de sabia fresca e bafo quente, máis saborosos que fresas. Eu apalpaba os seus brazos recortados, as súas nádegas, as súas costas, pero non me achegaba a esa mata de pelo vermello que me atraía coma unha estrela no centro do ventre de Lota.

Ela si apalpou o meu pene, aquilo estaba mol coma un verme, pero ela fixo coma se nada. Como quen non quere a cousa, baixou polo meu corpo arrastrando a súa melena pola miña pel e con toda delicadeza meteu o meu falo na boca. Resultábame inxusto que fose ela a que me dese pracer a min e non ao contrario, e tentei dicirillo, pero fíxome calar:

- Relaxa, déixame facer, temos tempo para todo.

Meteu a miñoca entre os beizos e pechou a boca. Entón comezou a facer movementos vagarosos coa lingua, semellaba que mamaba pero sen succionar. Con eses movementos firmes e febles ao tempo Lota foi conseguindo que o meu corpo espertase pouco a pouco. Miña cariña de rosa chuchaba que daba gloria mirala, miña cariña de queixo de bola semellaba mais doce que o mel, mais suave que as flores. Lota facía que o meu brotiño se fora convertendo en mangueira ao mesmo ritmo que medraba a miña autoestima. Con eses bicos feituquiños curábame de todas as penas. O sangue comezou a fluír e logo dun anaco eu xa era quen de amosarlle a Lota o tremendamente namorado que estaba dela e despois... aí que rir toleirón!

Lota e mais eu pasamos os primeiros anos da nosa unión viaxando por África e por Asia, aprendendo linguas e culturas exóticas como era o gusto da miña muller. Pero eu agochaba unha ilusión desde facía tempo: volver a viaxar dos Apeninos a os Andes, parando exactamente nos lugares que estivera sendo neno. Foi unha experiencia incrivelmente emotiva para min facer esta viaxe acompañado polo meu gran amor : Lota.

Cando chegamos a Bos Aires, quixen ir a ver o barrio no que vivira coa miña nai. Atopei todo bastante cambiado (pasaran dez anos desde a última vez que estivera), pero cal foi a miña sorpresa ao ver a carnicería do Bolo exactamente igual que a deixara. Achegueime e mostrouse moi contento de verme. Saudoume cun sorriso franco amosando os incisivos bicudos e embrazoume. O cheiro a carne botoume para atrás.

- Pasa rapaz!!

- Ola Bolo, como lle vai?

O certo é que non tiña moitas ganas de parolar co fulano aquel que tanto noxo me dera sendo mozo e agora recordaba con nitidez.

- De puta nai rapaz. Vaime de puta nai. Pasa! pasa que che conto.

Boteille unha ollada a Lota como pedíndolle que me salvara de meterme alí co carnicero (xa lle falara del), pero Lota sorriu e fixo xesto de esperarme fóra.

Bolo fíxome pasar e pechou a porta da carnicería.

- Imos botar un grolo.

- Non, marcho que teño presa.

- Espera home!! Senta.

Sentei e Bolo serviu unha cunca de viño para cada un.

- Xa fodiches?, preguntoume sen maior preámbulo.

- Bolo, non me fagas preguntas, queres? Conta o que teñas que contar que levo présa.

- Coñecín unha muller.

- Alédome por ti, Bolo.

- Púxome a concha en pantalla, dixo Bolo coma o que conta que lle tocou a lotería.

- Pero que dis? Non me fagas o parvo.

- Xúrocho por estas- cruzou dous dedos e bicounos- Ai un mes entrou aquí unha dona moi fachendosa que é nova no barrio, disque era moi rica, disque casou cun Rei, pero quedou viúva e a fillastra denunciouna dicindo que intentara asasinala, que tentara envelenala. Tivo que marchar do país fuxindo da xustiza. Pode que todo sexa un dixomedíxome, xa sabes como é a xente, pero ela confesoume que antes era Raíña. Díxome que fora a mais bela do seu reino e que todas as mulleres lle tiñan envexa, e que agora tivera que engordar para que non a recoñezan, pero eu penso que si engordou é porque che ten tanta fame por unha boca que pola outra, que os palleiros non se fan sen palla.

- Abrevia Bolo.

- Total, que a muller veu aquí un día e pedíume que lle dera collóns de touro, “criadillas”, dixo, dinlle os que tiña e cando lle quixen cobrar, fitou cara min e dixo que non tiña cartos para pagar. “Entón con que me quere pagar?”, díxenlle eu. “Pódolle facer unha palla aí atrás”.

- Estaste a quedar comigo?

- Cala rapaz e escoita que aquilo foi como chegar e bicar o santo. A Raíña, ela quere que lle chame Raíña, pasou á despensa e sacou o meu cirindolo do sitio e meteuno na boca....Meteuno na boca sen eu llo pedir!! E como chuchaba!! Co rebumbio que eu tiña na cachola non aghuantei nin

un minuto e boteille a lefa toda...Tiñas que ver cómo lambía, tragouno todo coma se fora un manxar!!

- Cala Bolo home, segues sendo un porcallán.

- Escoita que o conto aínda non rematou: ela seguiu a chuchar. Quería mais leite!! E conseguíuno cagho no demo, a min fervíame o ghrelo e estaba todo o tempo teso, botaba por fora e a minga seguía a bulir. Dinlle marmelada tres veces, e logo marchou coas “criadillas” na bolsa e a caldeirada na barrigha.

A historia do Bolo picábame a curiosidade, contábao tan entusiasmado que parecía certo.

- É boa moza?

- Ghuapísima, a dona mais ghuapa que podas imaxinar, é como a min me ghustan, cheíña coma tenreira galega, coas carnes ben saborosas. Ten unhas perolas que podes amasar nelas, se metes a cabeza no medio das dúas, afogas. E anda sempre moi aquelada, con beizos pintados e as uñas vermellas como as das revistas.

- Volviches a vela?

- Que si a volvín ver? Ven aquí todos os días, eu xa lle aparto a carne que lle gusta.

- Sempre che paga igual?

- Sempre. Non é muller de deixar débedas. Xa mo dixo: eu pago o que debo.

- Debe de ser boa xente, ironizaba eu.

- Ai non filliño, non todo o monte é orgasmo. De boa non ten nada!, aínda non che contei o mellor: Un día chamou por teléfono e encargoume a carne. Pedíume que lla levara á casa cando pechara a carnicería....Queres outra cunca?

- Non, grazas. Dálle, fuches ou non fuches?

- Fun, e logho non ía ir?

- E que pasou?

- Pois eu laveime ben lavadiño e puxen a camisa dos domingos e días de gardar e petei á súa porta coa bolsa na man. Cando a mirei case caio de cu. Tiña posto un camisón deses todo

transparente- Bolo, neste punto da súa narración persignouse, bebeu da cunca e continuou- non levaba nada por baixo, o camisón era moi escotado que saíanlle as carballeiras que parecía que quería darlle a un de comer. Eu mireina e dixen para min: “abordo que hai castañeta!”.

- Abordaches, non si?

- Que si abordei...A Raíña en canto pasei pechou a porta coa trabe, colleume das mans a bolsa da carne e berrou que aquilo era moi pouco para ela e que íame castigar. Oíches? Queríame castigar! Mandoume que me espira. Fun rápido coma o raio, cando estaba espido véxoa cun látego na man, e me di: “agora eiche de ensinar a tratar cunha raíña!”... Non sabes o xenio que ten a muller... e eu, oes, que me gustou, en unha palabra:sometinme de tal xeito que calquera diría que a muller me fixera un meigallo.

- Iso non o soñaches, Bolo?

- Que morra aquí mesmo se non é certo. Namorei, rapaz, estou tolamente namorado da Raíña e vaime arruinar coa carne que papa a muller. Non penso máis que en ir visitala. Estou tan tolo que as veces penso se non me daría a beber herbas menciñeiras.

- É moi bonito estar namorado.

- Ti dilo porque non sabes o que a Raíña me fai. Ai o que ela me fixo!! Non ten acougo a muller. Un destes días durmo no camposanto debaixo dos terróns!

- Estasme a falar en serio, Bolo? Corres perigo indo a ver a esa muller?

- Ai que agoireiro me es! Non me sexas parvo, que carallo de perigo vou correr. A Raíña gústalle facer retrincos co látego, pero ás veces son eu o Excelentísimo Señor...que segues a ser o mesmo de sempre, que che teño moito que ensinar! Ela é unha desas donas revoltosas que quita o refaixo e ten unha cona coma unha biga aberta, coma un mar sen fondo que me traga todo. A ela gústalle...

- Outro día cóntasmo Bolo, que teño présa.

- Espera home!

- Non espero non, che teño que marchar.

A verdade é que empecei a sentirme mareado con aquel fedor a carne. Que o carnicero me fose a contar as perversidades que facía con esa “raíña” superábame, e despedinme de Bolo para sempre.

A terapia sexual do coitado do superheroe

Estimado Supermán:

Envíoches as instrucións encamiñadas a reeducar a túa sexualidade. Como falamos na última sesión, o teu complexo edípico, unido á túa obsesión por ser boa persoa non che permiten a necesaria liberación para acometer o acto sen remordementos, e exacular libremente sen molestias morais.

Imos tentar corrixir ese aí. A terapia que o equipo psicolóxico elaborou para ti é un xogo de roll no que terás que por o máximo empeño en ser malo, perverso, un violador corrupto. E dicir, serás a túa propia antítese a fin de vencer temores antigos causados por esa moralidade férrea que che transmitiron os teus pais desde Criptonita, e que te converteron nun obsesivo-compulsivo da bondade e da xustiza, que tantos estragos fixo na túa vida íntima, impedíndote alcanzar ese orgasmo desexado en presenza de muller.

Se segues paso a paso as instrucións todo se vai arranxar, en diante poderás facer o amor con todas esas mulleres que salves, consumando o acto, copulando á altura do súper home que es. Este non é mais que o primeiro paso do tratamento e non debes desmoralizarte se algo non funcionara ben. E posible que non consigas chegar ao orgasmo nesta ocasión, pero se logras meterte no roll dun personaxe sen escrúpulos, a primeira batalla estará gañada.

A túa conciencia pode quedar tranquila, a túa compañeira de xogos será unha paciente do noso gabinete, unha fermosa moza obsesionada desde nena con ser posuída por un súper heroe (a

súa fantasía impídelle manter relacións estables con ningún varón normal, necesita vencer ese soño obsesivo para poder namorar de homes de carne e óso, sen aspirar a que a leven voando ou a salven de cen dragóns) de xeito que emparellades nesta terapia como anel ao dedo.

Non debes falar con ela, a comunicación verbal está terminantemente prohibida no tratamento, se iso acontecese todo se iría ao tacho. Ela executará a súa terapia e ti a túa, cada un no seu papel e a interacción será muda.

O vindeiro venres, cando termine a túa xornada laboral e socorras a cota de trens descarrilados e edificios incendiados, irás a un centro comercial. Non fai falla que te afeites, non fai falla sequera que te duches, pero sería conveniente que vestises a túa indumentaria habitual, isto é, a capa vermella e o mono azul coas túas iniciais. Es ti, es Supermán, pero serás un Supermán cabrón, debes ir ben mentalizado. Acolá atoparás á muller. Distinguirala facilmente, é unha femia nova e louzá, de pelo recollido cor do millo. Vestirá vaqueiros e camiseta branca.

Debes deixar que a visión da moza mova os teus instintos máis primitivos, os teus instintos máis salvaxes. Non sabes por que, pero queres fodela, quixeras facelo aí mesmo, e por algunha intuición estraña, sabes que ela tamén quere ser fodida, que busca macho desesperadamente. Mexerá o seu cu esaxeradamente, abanearase coqueta ante calquera escapate, lanzará ardentes miradas furtivas aos homes que se lle cruzan. Verala como unha cadela que está desexando que lle quenten o bolo no forno....

Aquí empeza o teu xogo de roll: vaste converter nun porco, os teus ollos serán os dun marrán saído e a capa servirache para cubrir a túa indecente erección. Séguela como un cocho quente. Es un porcallán e non vas deixar que se escape. Quentoute, a raposiña.

Ela percibe a túa presenza, contenta do seu poder de sedución, pero ao tempo, medorenta de que ese poder se lle escape das mans. Decide marchar, corriquea rúa abaixo, volteándose de cando en vez e certificando que ese tipo guapo, pero con pinta de tolo (has de aceptar que o teu estilo é un tanto histriónico) séguea, sen quitarlle ollo, con ese fitar de tolo..... Como unha gatiña asustada pateo rúa abaixo, pero ti séguela impertérrito, guiado polo teu pene en lanza. Ela, a ratiña,

intenta agocharse nun portal e logo dun intre, convencida de que te despistou, diríxese á súa casa, cun formigo estraño xusto na súa vulva, con cóxegas no baixo ventre e unha risa boba e nerviosa que lle gargarexará coma a dunha adolescente.

Ela entra na súa casa e ti tamén (proporcionarémosche unha chave). A moza pensará que está tranquila xa no seu fogar (ela sabe que vas entrar, pero no xogo has crer que es un intruso na súa morada, e ela vai actuar coma se non soubese que a estás mirando). Quitará a roupa diante do espello, amodo, observando como se vai destapando ese corpiño morno. Ti espías detrás da porta. Grazas ao espello, podes mirala por diante e por detrás. Sacas o mono (mantén a capa) e mastúrbate ás agachadas mirando a intimidade da muller. Para favorecer a terapia dela, debes estar depilado por completo e a poder ser, ter a pel brillante de aceite (así es na súa fantasía).

Ela é preciosa, unha tenreira rubia, cheiña de carnes brancas e dunha feitura raiando a perfección. É bonita de face, redonda como a lúa e coloreada coma unha mazá. Está no punto de caramelo para ser devorada por un macho famento. Saca peza a peza con tanto encanto e bo facer, que case, case te poderías compadecer dela, pero non.

Supermán: esta parte da terapia é fundamental; a rapariga ten unha aspecto de Venus virxe, de boa rapaza, pero ti debes conservar o teu status de porco cabrón que a vai chimpar con ou sen o seu consentimento. Verás como se vai espindo, quitando cada peza de roupa con ollos de cocho marrán...Serás un home sen prexuízos nin empatía, serás un animal rabioso por foder a femia en celo que se che pon diante. Cando ela quita o seu sostén, o teu pene debe estar a piques de estoupar e os teus miolos fervendo por todas esas furonadas que lle pensas facer á rapaza. Ela libera os seus seos e suspira, ti relámbeste coas saborosas bolas zumentas que pronto estarán nas túas mans e entre os teus beizos. Quita as braguiñas e verás o seu monte de pelos que se arremuíña no centro das súas robustas pernas. Revírase curiosa para ver o seu perfil, onde as súas curvas se ven absolutamente esaxeradas e con iso amósache as súas nádegas redondas e firmes. É un precioso cu dondo, pero para ti será un traseiro a apalpar e beliscar, un pandeiro ao que zurrar se as cousas se poñen feas e ela se fai a estreita.

Nese momento entrarás no cuarto e, sen mediar palabra asaltarala por detrás, taparalle a boca co teu brazo dereito, que levará suxeita a túa capa, de modo que ela sinta o manto caéndolle polo ombreiro.

Sen máis, méteslla (ela estará lubricada e levará un preservativo feminino posto, de modo que non debes preocuparte pola anticoncepción nin polo pracer da femia, ela estará encantada, está desexando que suceda e mastúrbase cada noite pensando nese momento, leva facéndoo desde os catorce anos, cando viu a túa película por primeira vez). É importante que te centres nas túas propias sensacións esquecendo os sentimentos da moza para que nun futuro sexas quen de alcanzar o orgasmo en presenza feminina. Pensa que introducir un cacho da fisionomía propia na allea entraña sempre certo perigo e a adrenalina flúe: déixate levar por ese bulir do corpo.

Por sorpresa e á caza, coma un raposo á súa presa, méteslla sen máis, coma un gato saído á súa gatiña en celo, sen miramentos, fódela coma un boi empalmado á súa vaca (ela chía e xeme, pero non che importe), méteslle o pene e trabas o seu pescozo, bábasllo, apálpaslle a cona, e as tetas e obrígala a que che chuche o carallo..... sen pedirlle permiso, pero sabendo no fondo que o tes (perdoa que sexamos tan explícitos nas explicacións e utilicemos un vocabulario basto, pero é evidente que con esta forma de falar queremos levarte ao estado mental que che convén).

Compre dicirche que nesta primeira sesión práctica que te corras ou non, non é o importante. Si o é que consigas sentir esa perversidade necesaria, ese egoísmo animal primixenio, para gozar da muller dun xeito común, coma nós os humanos, que sexas quen de desprazar na intimidade a ese personaxe perfecto e absolutamente correcto que levas representando tantos anos. Cando consigas ser egoísta co teu pracer, conseguirás ser xeneroso coas mulleres en materia carnal.

Saúdos e moita sorte.

Pipi Lota ou as dificultades de botar un bo ferracholo

Sempre fun unha rapaza rebelde e conflitiva. Ao meu favor direi que me criei sen nai, cun pai pirata moi consentidor, que endexamais me puxo límites e que pasaba longas tempadas no cárcere, porque o meu pai máis que pirata foi un estraperlista que andaba ao tabaco, e íanos ben, pero logo apuntouse á moda de andar á fariña nas bateas. Aínda que gañou cartos a esgalla, a súa calidade de vida mingou e tivo que andar agochado os últimos anos da súa vida. Ao meu pai divertíao que eu fora unha nena salvaxe e alimentaba as miñas tolemias con regalos como o mono Mr. Nilsson que seica trouxera da Arxentina e gustáballe dicir que era o primoxénito da famosa mona Chita. De nena eu era allea aos seus asuntos, facía o que me daba a gana e continuo facéndoo, non me podo cinguir ás regras e cústame horrores seguir unha disciplina. Decidín buscar axuda porque me preocupaba a miña dificultade á hora de iniciar relacións, tanto con homes coma con mulleres...creo que tendo a caer mal co meu comportamento impulsivo, laboralmente tamén me vai fatal, pero como o meu pai me deixou en herdanza cofres cheos de ouro e pedras preciosas, non teño que me preocupar polo meu futuro. Considerábame fea, desde logo non casaba co canon de nena bonita, de modo que pensaba que o meu problema cos rapaces era o meu ser un baldreu, a miña falta de feminidade ao estilo clásico, que atraía aos tipos máis brutos, cando en realidade o meu corazón salaiaba por un príncipe azul elegante e ben educado.

As primeiras relacións sexuais, moi precoces, foron un desastre: eles víanme como unha adolescente accesible e non dedicaban nin cinco minutos a quentarme e poñerme a ton, e eu era tan

brutiña que os fodía ao animal, non fosen descubrir a rapariga romántica que levo dentro. Despois, na post-adolescencia, decidín aprender a ser unha moza apañada e apunteime nunha escola de perruquería e estética. O troco foi radical, resultou que baixo os pantalóns vellos e as camisetas desgastadas había unha figura bonita, e o meu pelo cenoria, que tanto odiaba, resultou ser a envexa da academia, voluminoso e rizado. Volvinme preciosa e a actitude dos homes cambiou por completo. Púxenme tola: non facía máis que mirarme ao espello, vaidosa ata a fartura, ía todo o tempo de tendas e coas miñas compañeiras, liamos revistas de moda e seguíamos a entrega dos Oscar. Da noite para a mañá transformeime nunha bolboreta empalagosa que nada se parecía á salvaxe nena que eu fora. É evidente que buscaba tapar o baleiro que deixou a miña nai ao morrer, buscábame a min mesma e sen embargo estaba máis perdida ca nunca. Canto máis interesaba ao sexo oposto, máis escapaba eu, desprezando aos homes. Sen embargo os meus sentidos permanecían espertos e masturbábame a cada oportunidade. As fantasías convertéronse na miña mellor vía de escape: soñaba con heroes dos libros ou das películas que vía. Ideaba aventuras nas que eu era a protagonista xunto con homes fantásticos, como o capitán Trono que me levaba en globo asucando os ceos nunha paisaxe marabillosa, o capitán estaba namorado de min, rodeábame a cintura co seu forte brazo e mirábame con ollos ferventes de desexo, mentres o vento nos pegaba na cara. As fantasías ían crescendo en erotismo para poder chegar ao orgasmo, e con el á satisfacción... Por exemplo, podía facer que, nese globo no que voabamos, o capitán Trono se axeonllase baixo as miñas saias e lambese xentil, ata que eu derramaba o mel.

Soñaba con homes imposibles, fantasiaba que era unha princesa valente que practicaba esgrima co Zorro ata que el, agonizante de desexo, esgazaba a miña blusa co florete nunha brecha en forma de Z, o cal facía que saltasen os meus peitos do seu escondedoiro. Eu, para vingarme, marcaba cun P no centro dos pantalóns, espíndoo e facendo que se disparasen ostentosamente os atributos ben cualificados de semellante cabaleiro.. Unha vez destapados os nosos encantos el, o Zorro, achegábaseme, bicábame docemente e acariciaba os meus seos con tenrura ata que eu me entregaba en acto de amor eterno. O Zorro penetrábame docemente ao estilo misioneiro coa espada

ben cravada na súa vaíña. Eran moi ridículas as miñas fantasías, pero eu pasábao ben ideándoas e pasábanseme as horas do día.

Era, sen embargo, aos meus vinte anos, desprezativa cos homes que se me achegaban, todos me parecían pouca cousa, non os precisaba, cos meus soños tiña bastante, sen embargo, encantábame romperlles o corazón e maltratáboas. Canto maior interese poñía un rapaz en min, máis cruel me amosaba, feríndoo sen necesidade e xogando á ambigüidade ata volvelos tolos. Volvérame moi bonita e subíraseme á cabeza. Odiábaos por non parecerse en nada aos homes dos meus soños, por ser tan simples e ordinarios, tan noxentamente vulgares. Foron pasando os anos, pero eu non conseguía manter unha relación estable, ningunha me duraba un mes, eran relacións tortuosas e insás e por fin deixou de haber relacións de ningún tipo: os homes de carne e óso non me interesaban, tan só as miñas pantasma conseguían excitarme. Deixei a parvada da estética, que non ía comigo e fixenme unha especie de “hippy”, crente do amor libre, pero incapaz de practicalo: non había amor na miña vida, tan só superhombres ficticios que me enchían os miolos de paxaros. E con este xeito de vida solitario funme achegando á década dos trinta. Coa madurez comecei a sospeitar que tiña un problema e que non estaría de máis buscar solución.

Vin o anuncio dos terapeutas no xornal: “Vence os teus medos. Supera obsesións. Modernas técnicas de terapia”. Decidín probar, atendeume unha muller moi agradábel que me advertiu de que estaban gravando as miñas palabras e estas serían estudadas por todo un equipo de psicólogos que despois deseñarían unha terapia personalizada para min. Solteilles un bo sermón sobre a miña infancia co meu mono e as miñas aventuras tolas, narreilles o belixerante da miña adolescencia, a miña promiscuidade de entón, e por fin soltei que ultimamente non me comía un rosco porque non había home que lograrse facerme baixar das miñas fantasías de superhombres. Saín ilusionada desa primeira sesión, pero a miña ilusión foise esvaecendo cando tardaron máis dun mes en telefonarme. Pensei que se riran das miñas fantasías. Cando por fin o fixeron, citáronme para o día seguinte. Púxenme nerviosa, tiña demasiadas expectativas postas na terapia, pero cando a miña psicóloga me explicou con pelos e sinais en que consistiría a cura, volvinme escéptica. O tratamento

que me reservaran deixoume abraiada: debía foder cun superheroe! (non me precisaron cal) para, poñendo en acción as miñas propias fantasías, estas se desmitificasen e puidese acceder ao amor vulgar como o común das mortais. Máis que chimparmo, debía xogar a ser a rapaza submisa que se deixa fornicar por un castrón. Non o pensei moito (son tremendamente irreflexiva), tireime á piscina.

“Imos ver como peneira un verdadeiro superheroe”, díxenme. “Se non me curo dos meus soños, fagámolos realidade, como don Quixote”.

O simple feito de que unha fantasía se fose levar a cabo embraveceume, e a miña actitude foi transformándose a medida que se achegaba o gran día. Os instrucións dicían que debía vestir vaqueiros e camiseta branca e levar o pelo recollido. Probei todos os pantalóns que había na tenda e por fin decidínme por uns axustados que marcaban o meu pandeiro (do que me sinto moi fachendosa), e por unha camiseta de escote en pico, pensaba ir á perruquería a facerme un recollido exuberante e pintarme por unha profesional.... pero no último momento cambiei de opinión, a Pipi Lota que eu fora desexaba saír a flote, mostrar o seu verdadeiro ser, auténtico e salvaxe, de modo que vestín os piratas rapeiros, unhas tres tallas maiores á que necesito, e unha camiseta enorme que ben podería facer de vestido, branca, cunha lingua sacada ao estilo Rolling. Recollín o pelo, pasei do moño e plantei dúas trenzas grosas, case como as que adoitaba facer cando era pequena. Escollín uns calcetíns a raias multicolores. E uns deportivos nos pés, deses de lingüetas longas. Cando me vin no espello rin da miña facha e estrañei a Mr. Nilsson ao lombo.

“Vai alucinar o superheroe. Se pensa que vou caer de xeonllos aos seus pés, vai de cu.” Estaba disposta a curar o meu subconsciente de fantasías bobas e ridículas.

Citáronme nun centro comercial asegurándome que o recoñecería. Aos dez minutos de chegar vino, claro que o recoñecín! Era Supermán, non un tipo disfrazado de Supermán, senón el en persoa. Tiven que conter o riso ao velo tan serio paseándose con esa pintiña. Ao principio non me recoñeceu, supoño que esperaba outra cousa, pero eu mirábao directamente aos ollos con aceno burlón mentres mascaba na miña goma de mascar cos beizos un pouco abertos. Estaba serio como

unha pataca, creo que se acovardou, o coitado, ao verme (os rapaces tan finos asústanse diante das maleducadas), pero ao pouco mudou a súa actitude, supoño que seguiría instrucións, e comezou a mirarme con ollos de vulgar camioneiro saído. Non me impresionou esa mirada avesa e mantívenlla. Logo dei a volta e intentei escapar da súa vista, previndo polo recanto que ía virar e esperándoo co tiracroios cargado. Deille no centro do S do peito, Supermán perdeu por un instante a compostura de tío duro e eu soltei unha gargallada sonora. Botei a correr rúa abaixo, el seguíame capa ao vento. Estábao a pasar bomba. Cheguei á miña casa e asegureime de deixar a porta entreaberta. Corrí ao meu cuarto, desfixenme da camiseta, tireina ao chan, fora os pantalóns, non había que facer moito esforzo para sacalos, abur pantis e adeus sostén. Cando sentín que Super asomaba a súa testíña pola porta eu xa estaba en coiros, cos brazos en xerras, agardándoo.

Super non sabía que facer, tateaba, de modo que lle dixeron.

- Temos que foder, non si? Pois adiante, fodamos.

- Eu eu eu...é que...é que...

Vale, dinme de conta: o tío non tiña o arma cargada, creo que nin sequera a miña nudez lle dicía nada en absoluto. Sentínme ridícula: coma sempre, botara todo a perder coa miña impulsividade, coa miña falta de rigor, coa miña incapacidade de seguir a pauta que me marcan. Super parecía a piques de romper a chorar.

- Grazas polo ofrecemento, pero considero que debo irme.

- Espera, perdoa...son un desastre, sempre a cago. Son Pipi.

- Encantado Pipi, son Supermán. A culpa é miña, xamais podería violala, é vostede demasiado... fráxil.

- Fráxil? - dixeron, e a falsa tía dura, a puñeteira máscara de matona volvía a colocarse no sitio en que estivera tantos anos – A ver se o fráxil aquí non serás ti.

- Si, si, por suposto que o son, son incapaz de me entregar a unha muller, de mostrarlle os meus verdadeiros instintos.

- Senta, imos fumar un porro.

- Non grazas, non fumo.

- Xa, claro, pero ponte cómodo, parolemos.

Liei un canuto e permanecemos en silencio. Supermán máis que un superhome, semellaba un milhomes, un miñaxoia apoucadiño e triste.

- Ponte cómodo home!, saca a roupa.

- Si, si, claro.

Estaba avergoñadísimo, pedía a berros que o tragase a terra. Pensei que era un tipo moi elegante, para parecelo incluso con esa facha debía ter moito estilo. Quitou a capa, dobrouna ben dobradiña e colocouna na cadeira, ben estirada. Agora tentaba alcanzar a cremalleira coas mans por detrás da caluga. É evidente que é elástico e podería facelo soíño sen axuda de ninguén, pero ofrecínme.

- Axúdoche?

Nas distancias curtas Supermán é imponente e así mo pareceu naquel intre en que eu o ía desprendendo dese mono axustadiño.

- Vale... grazas. Supermán parecía unha raposiña pudorosa.

Desde o pescozo, a cremalleira baixaba enteira ata xustamente a metade do pneumático cu, desliceina aos poucos. Supermán ten un tipazo que non se pode comparar a ningún humano, en persoa gaña, moito mellor que na peli, en vivo ten un cheiro agradábel e o seu corpo parece labrado a cicel. Baixei a cremalleira aos poucos e fun descubriendo a súa carne musculosa, tensa. A súa pel cor pexego non amosaba mácula, xamais vira unhas costas tan perfectas. Cando cheguei á fenda que asomaba, mordín o meu beizo inferior, e deixei o asunto. Non estaba segura de ser xa dona das miñas emocións e esta vez quería ir con calma.

Sentei e seguí leando o meu porro sen erguer a vista, estaba realmente impresionada polo corpo do tipo tímido que tiña fronte a min. Rematei e acendino, entón alcei a mirada e alí estaba fronte a min, espido sen se atrever a sentar. O traxe, dobrado en dous, colgaba de seu antebrazo e tapáballe as súas partes pudendas. A súa fermosura cega e creo que me puxen colorada. Non tiña un

pelo no corpo polo que se podía ver, era unha desas belezas que dá apuro mirar.

- Senta home, dixen, e a voz saíume nun fio irrisorio.

O moi paspán, en vez de se sentar á miña beira, acocorouse fronte a min, nunha butaca baixa e sen deixar o traxe que aínda colgaba do seu brazo e me impedía ver o que había detrás. O porro envalentoume, de modo que fun eu a primeira en sincerarme:

- Este encontro forma parte da miña terapia.

- Algo sei...

- Teño un problema cos homes, ningún me vale, todos me resultan pequenos, miserables.

Antes tomábaos e deixábaos coma se fosen “clínexs”, pero agora desprézoos e fai moitos anos que non teño relacións sexuais. Vou cumprir trinta, e paréceme unha idade axeitada para formar un fogar. Eu xamais tiven un fogar... Afeccioneime de tal modo á autocompracencia, a elaborar fantasías máis e máis complicadas, fantasías perfectas onde o home é ideal, que estou tan afastada da realidade que unha relación de iguais paréceme imposible.

Só eu sei o tremendo esforzo que supuxo para min soltar este *speech* de golpe, púxenme vermella como unha papoula e case me saltan as bágoas. El soubo valorar o meu esforzo. Supermán compadécese coa sinceridade e coas confesións sentimentais, que eu tivese morriña dun fogar chegáralle ao corazón, un corazón potente que debía posuír debaixo dos tremendos pectorais.

- É vostede unha muller moi valente ao intentar buscar axuda, sinto non estar á altura das súas fantasías.

- Supoño que isto estaba previsto na terapia, supoño que o quid da cuestión consistía en que dese cun canto no ollo da miña fantasía de Superheroe e a miña conciencia tomase realismo.

- Quizais.... a miña terapia tampouco aconteceu coma a me dixeron que ía saír....

- En que consiste?

- Eu debía violarte.

Supermán parecía calquera cousa menos un violador nese momento, sentado na butaca baixa, engruñado, co queixo que lle tocaba o peito, coa testa pousada nas mans ao xeito dun

pensador. Semellaba un "nonvoualaninfagofalta", un "aguantamaquí", iso si, cunha ferramenta que aquilo parecía un agasallo.

- Eu debía ser malo e egoísta, pensar en min mesmo e acadar un orgasmo, do que me retraio. Son incapaz de exacular con muller, estou demasiado pendente do contorno, de que todo sexa perfecto, non me relaxo...

Supermán e eu sincerámonos, comezamos a falar e falar. Foi unha noite de terapia intensa que nos valeu para entender mellor os nosos mecanismos de defensa e os nosos recursos. Sen embargo non houbo namoramento entre nós. Malia ser dous belos espécimes mozos espidos o un fronte ao outro, malia que nos entendemos ben, non saltou a chispa, o *flis* ese que se dispara sen sabermos por que tan pouquiñas veces na vida... Era un corpo perfecto cunha cachola de abade, eterno idealista que ao falar parecía que rezaba o paternóster en calmoso, cun grande senso da xustiza, da lealdade, da bondade, pero sen pizquiña de senso do humor. Para falar claro, o Super parecíame o solteirón mais insulso do mundo pero tiña unha carrozaría que volvía parva a unha. Abofé que por momentos quedaba abraiada vendo a perfección da súa fisionomía. Cando se liberou e deixou o mono no protexo da cadeira e ollei o seu membro, non puideron por menos que arquear as cellas perante semellante tubo de escape, semellante cheminea de panificadora en activo, estiveron a piques de facer unha reverencia ante o seu supermembro intergaláctico. Así que despois de tanta charla, como me sentía tan colega de Supeman, sentei no seu colo, as miñas nádegas nús esmagaron as coxas de roca del. Abraceino. É tan grande que eu semellaba unha bonequiña, sentíame de súpeto unha nena mala e viciosa, unha rapaza botada pa diante que se podía aproveitar dese fortachón con ánima de curiña de aldea. Cinguiu a miña cintura coas mans e biqueille o pescozo mentres lle acariñaba as fortes costas. O meu corpo nunca me falla e comezou a chover miudiño na beira do mar. Instintivamente baixei a miña man para apalpar aquela parte masculina que distingue aos sexos.. Collina a man chea aínda que tiña inda a consistencia da masa de pan fermentada. Pero os xenes do superhome demostráronme como "se lo montan en Criptonita": en dúas palpitacións ostentosas o ferragacho engordou o dobre do que era e creceu o triplo, e xa non

era masa, senón cemento armado, formigón, cristal de vidro irrompible coa xustiña flexibilidade como para tradear ferro. Asustáronme as palpitations fálicas e soltei, abandonei uns intres ese músculo tan endurecido, ese picouto do Everest que faría chorar de desesperación comparativa a calquera home terráqueo, baixei a mirada para comprobar por min mesma a mutación que antes puidera apalpar. Qué exquisitez de formas! Admireime de tanta bonitura e as mareas vivas rebulían na miña praia. O seu xurelo dourado chiscábame o ollo unitario e cabeceaba por me bicar. Acerquei a cara ao bicho hipnotizada, abrín ben os beizos e tentei introducilo na boca, logreino, pero solo a cabeciña cabíame. Comecei lamber. Co instrumento encaixado entre os beizos non era doado darlle á lingua, pero dinlle, dinlle voltiñas saboreando o froito da paixón. O home que estaba alí enriba colocou unha man fidalgueira na miña caluga como se quixera darme ánimos e deumos : os meus beizos dilatáronse e a miña gorxa expandiuse e a miña boca encheuse de auguiña. Comecei a sentir a necesidade de menear a miña rumbosa cadeira, aquilo de entre as miñas pernas picábame coma se botara pementa e tíñache ganas de tocar as cunchas, de bailar unha pandeiretada. Erguín e sentei a cachachou pondo as pernas ao redor dos riles de Supermán. El suxeitábame o cu coas súas mans manténdome no aire, coa punta da súa verga na entrada da miña fenda, aló quietiña na porta, emitindo unhas vibracións extrasensoriais que me facían tremer, botándome unha calor perrecha arriba que me facía pingar toda. Eu levitaba coa punta da cana ben axustadiña nas miñas formas femininas e as tetas refregándolle a cara ao dono de tan prezado tesouro. A humidade era máxima e Super íame deixando caer de vagariño, ía eu esvarando polo canón e xa non rexía maila que aínda quedaba un bo cacho por papar.

Ese sitio que teñen todos os homes de características máis o menos semellantes me bicaba dentro afora, dentro afora, afora dentro, alisándome cada engurriña interior, enchendo a cunca, facendo bulir as miñas hormonas femininas tan tensas co superestímulo. Fun cravándoa ben cravadiña, ao principio quedei aló encaixada que nin o aire me entraba xa no corpo, pero despois fun ensanchando e unha vez dona e señora de aquela magnitude, abalou a pedra e canteiche o alalá, estoupei desprendendo ondas orgásmicas electromagnéticas e lóstregos extrasolares...

En canto terminei de me correr, separeime do ollomol. Despois dun orgasmo, unha queda de moi bo humor e comecei a rir, pero o meu compañeiro me fitaba con cara de pataca o que cortoume o riso.

-Gustouche?, preguntueille.

-Gustoume, pero penso de que fixeches unha palla comigo, que me utilizaches como un corpo e nada mais.

Non sabía que lle dicir, por outra banda, era verdade. Gustábame o seu corpo e gocei del sen contar demasiado con que o corpazo pertencía a alguén con sentimentos.

- Todas as mulleres me tratades igual, estou farto.

Entón Super, que era un home responsable, recordou de súpeto que a súa intención primixenia neste encontro era correrse en presenza de muller e cando veu a miña clara intención de dar por concluído o episodio erótico revelouse.

-Agora vou facelo eu, vou usarte!- dixo finxindo estar amolado, intentando que parecese que era un home sen escrúpulos.

Sen me dar tempo a pensar, reviroume e deume bambú coma o can llo da a cadela con toda a facilidade agora que eu permanecía dilatadiña coa a manteiga derretida. Aquel cinguango tocaba o “tan-tan” nas profundidades do meu ser e sorprendeume que por moi grandes que as tivesen en Criptonita, eu tiña aluguer para darlle acollida ao meu emancipado invitado. Hai que ver o xeitiño con que punteaba a muiñeira o fulano para non ser galego! Hai que ver o ben que botaba os aturuxos! Cimbraba amodiño e logo axiña coas reviravoltas, e batía fado e batía ben, e dálle que dálle e veña que vou...e zas, zas zas, e mais zas. Potencia non lle faltaba, nin vontade, flexionei os brazos para apoiar os cóbados, despois me axeonllei a rentes do chan porque xa ía cansa, pero o de alí atrás non tiña acougo e os movementos regulares impulsaban o meu corpo adiante, atrás, adiante, atrás... O conxunto escultórico das nosas figuras unidas por un cilindrolo seguían un ritmo constante. Era evidente que Supermán suaba a gota gorda, pero quería correrse e non lle viña e eu xa non sabía para onde mirar. Finxín un orgasmo, non tanto por animalo como por animarme a min

mesma e variar un chisco a situación dos feitos, pero o único que conseguín foi que acelerase o ritmo e aquilo fora vertixinoso: agora a velocidade uníase á potencia. Supermán debía estar a pensar “son malo, malo, malísimo” como lle dixeran no equipo psicolóxico porque a cachaporra dábame cachaporracos a esgalla. Comecei a me inmunizar, o meu regato minguaba e os regueiriños secaban. Supermán mole que mole, malla que malla, voga que voga. Isto era unha fartura e o que nun principio fora un manxar comezaba a me dar noxo. Supermán non se daba por satisfeito, el non é deses tipos que delegan así como así, non tira a toalla. Pero o testán que tiña ás costas comezou abanearse coma un borracho que ben de pasar toda a noite de troula, xa non entraba tan dereitiño. O coitado andaba aos tombos como eses corredores de maratón que chegan á final deshidratados. Por moito Super que fose, tanto dálle que dálle cansábao coma a calquera fillo de veciño e xa non che estaba para tanto fandanguillo. Pouco a pouco meu machetante foise afacendo á idea que non era hoxe cando lle tocaba exacular e foi baixando o ritmo, de cando en vez aínda serpeaba, pero xa aquilo ía de vagariño. Por fin derrubouse ao meu lado e quedou durmido roncando coma un crego.

Cando amenceu decidín que era hora de separarnos. Tiña medo de que ao mangallón lle dera por namorarse de min, tiña tal cariña de ledicia alí na miña cama, que me temín o peor. “A este non hai quen o arrinque de aquí”. Estivera moi ben o polbiño, pero desde logo a terapia de shock fixera o seu efecto e eu xa non tiña ganas ningunhas dun superheroe infantil. Puxen o meu pixama.

-Tes que te marchar.

-Xa? Queres que marche?

-Quero.

-Non che gustou...

Super cumpría o tópico de tantos homes: cando non queres unha relación con eles pensan que é cuestión de como o fan na cama e non se decatan de que é porque hai algún outro desaxuste.

- Gustoume moito, es bo amante...

Cantas veces haberemos dito iso por piedade! Esta vez era máis ou menos verdade, Super non fora un amante estrela, tan falocrático, con esa mentalidade de minifundismo sexual centrado

nos xenitais, pero tiña unhas calidades ben evidentes para a monta que lle perdoabas que fodese coma un cuadrúpede.

-....pero non quero ter unha relación contigo.

-Xa

-Penso que non temos nada que facer o un coa outra salvo foder e ti non es deses, ti precisas dunha boa mulleriña que che dea amor e eu terei que reformularme moitas cousas despois deste encontro contigo, largueille dun tirón co implícito desexo de que marchara. Nestas ocasións mais vale ser clariña como o auga fresca das fontañas en primavera.

-Seremos amigos verdade?

-Si, amigos.

Abrazámonos con verdadeiro afecto, dinlle unhas palmadiñas nas costas e foise voando pola fiestra.

Desde aquela Supermán visitame de cando en vez, estea onde eu estea atópame, chama á xanela e senta comigo un intre a parolar, quérolle ben e mola ter un tipo así vixiando que nada malo te aconteza, é como ter un anxiño da garda. Pasado algún tempo, atopou unha muller á que amar, unha muller que o quería por si mesmo, non pola súa aparencia nin polos seus superdotes. Casaron pola igrexa, e tiveron un fato de fillos. Contoume que precisou do seu tempo e ter plena confianza para exacular coa súa dona, pero que o conseguiu e unha vez acadado, aquilo era un sen vivir. É fiel e feliz e segue salvando desastres na medida do posible (parece que o ser pai de familia numerosa o ocupa moito tempo).

Pola miña parte, despois daquel encontro catártico, decidín facer unha viaxe polo mundo, primeiro percorrín a India. Impresionoume a xente e o seu xeito de vida, quedei un bo cacho, e introducinme nesa cultura do corpo e do espírito, practiquei ioga e logrei sosegar a miña ánima e facerme un chisco máis reflexiva. Estudei técnicas tántricas do amor físico de man dunhas monxas budistas que me aprenderon a gozar do corpo deixando a mente en branco, prescindindo das

fantasías, prescindindo da razón e abandonando prexuizos. Dediqueime ao culto ao corpo, non como o entendemos aquí en occidente, que pensamos que iso consiste en conseguir un determinado canon estético. Non, eu cultivei o meu corpiño desde o amor, valorando a forza sanguínea, a miña vida e a súa beleza persoal Cando me sentín suficientemente libre, en paz comigo mesma, puxen a mochila ao lombo e marchei ás Américas.

Na Arxentina coñecín a Marco. Marco xa non era o neno repoludo que todos temos en mente senón un home maduro e guapo, feito a si mesmo pero ao mesmo tempo tenro e sensible. Cando nos atopamos os dous levabamos moito tempo en soidade e atopámonos foi como beber cando tes sede. Marco e eu namoramos coma paspáns o un da outra, e o outro da unha. Somos dúas almas xemelgas, ambos os dous criamos a tombos, con moita necesidade de afecto, sen os agarimos dunha nai. Somos románticos e soñadores, e tamén independentes e aventureiros. É bo na cama Marquiño, é estupendo. El non o cre porque non é deses tipos que se lles pon dura en canto miran a unha, el necesita o seu tempo. Esta situación, que tantos homes verían como unha minusvalía foi en Marco un revulsivo fantástico para aprender a traballar sexualmente con outras partes do seu corpo que non fora o pene, e pon moito interese en mellorar. Pídeme que lle explique os mecanismos, os nervios todos do corpo que me fan mollar e dilatar. É perfeccionista e quere que lle explique paso a paso como me gusta, onde me gusta e canto me gusta.

- Descríbeme un cunilingus perfecto, dicíame o insaciable Marco nos nosos primeiros días de amantes apaixonados.
- Descríbocho coa condición de que vas facendo exactamente o que che digo.
- Feito.
- Primeiro senta cómodo fronte a min.
- Perfecto.
- Agora abre de vagar as miñas pernas e olla, valora o que atopas, non te lances, ule, sopra, acaríñame coa mirada ...Achégate aos poucos, frega coa túa barbiña o interior das coxas, é unha zoa moi sensible e debes ser delicado, fásme cóxegas pero que non

che importe, ti segue coma se nada. O queixo é unha zoa do corpo do home primordial cando fai unha mamada a unha muller, para calquera zoa próxima ao sexo é perfecta, pero non o é para os beizos menores, nin para o garavanciño. É unha parte rasposa polo que é fundamental controlar a presión, se apertas moito, pode doer, se quedas corto, falta sensación. Mentres me rascas a fina pel do interior da miña coxa, pódeme apalpar as nádegas coas mans, e tamén as mazás das pernas. Estou xa devecendo porque te achegues á miña vulva pero déixame desexar, non te precipites. Agora sube ao monte de venus. Mira: a un palmo a redor do clítoris calquera punto que acariñes faino escintilar, e se escaravellas o monte, a carne toda méxese e os labios rozan o centro de interese. Segue un rato mordiscando e xa podes bicar os beizos, non os abras, morréamos coma se fosen os da boca manténdoos o mais pechadiños posible.... Xa podes introducir a lingua, as lambetadas deben ser agora coma se estiveses a recoller o zume nun xeadado de pau que se derrete, deses que pingan por abaixo e pasas a lingua toda desde a parte inferior ata a superior, de abaixo arriba cubrindo todo o contorno, así podes estar todo o tempo que aguantes porque me gusta moito. Tes que ser un larpeiro e gozar dos meus xugos con longos linguetazos. Cando te empeces a cansar, serpentea coa lingua recorrendo os recunchos da papuxiña, aletea coa lingua coma se fora ala de bolboreta. Como eu xa me xiro e meneo, podes introducir un dedo, debes atopar o punto que, este sitúase a uns seis centímetros da entrada e está contra a barriga. É unha zoa un pouco mais rugosa que o resto. Aí as caricias deben subir en potencia, xa non vale a suavidade senón que tes que utilizar a forza, meter e sacar o dedo, dous dedos mellor. Se es quen de concentrarte e facelo ao mesmo tempo, lambe a esgalla o clítoris que agora si que apetece que te centres na diana, pero sobre todo non deixes de meter e sacar eses dous dedos. Se o fas así de ben, en calquera momento bautízote coa miña chuvia de estrelas, o mel inundará a túa gorxa e quedarás unxido.